| CLASIFICACIÓN (Art. 8 LPCG): | CATEGORÍA (Art. 10 LPCG): | TIPO | | Nº FICHA: |
|---|---|---|---|---|
| CATALOGADO | MONUMENTO | ARQUITECTÓNICO | CIVIL | **A_161** |

**F_01** **S**






| DENOMINACIÓN: | PARROQUIA: | NÚCLEO: |
|---|---|---|
| **Couzada de interese** | **PAZOS** | **Pazos** |

| Localización: | Coordenadas UTM: | Clave Plano: |
|---|---|---|
| **Pazos** | **628420-4644716** | C-08 |

DESCRICIÓN:

Couzada que presenta unha notable calidade arquitectónica por canto integra un conxunto de edificacións tradicionais cunha vivenda nobre de altísimo valor histórico, tal como evidencia o par de brasóns flanqueados por columnas (un deles timbrado) que loce nas súas dúas fachadas principais. Fondamente alterado respecto da súa morfoloxía orixinal -datable na Idade Moderna- a peza nobre presenta dúas alturas (B+I) e cuberta a catro augas; os seus muros aparecen conformados en cantaría de calidade (opus quadratum) que contrasta coa plementería de inferior calidade que presenta o resto da edificación.

O andar terreo, como é norma, foi ideado para acoller a adega, así como a estancia para o resgardo de apeiros de labranza, mais esta función foi modificada co paso do tempo, ao punto que a porta de acceso principal -gorecida baixo un fermoso arco de medio punto- foi xa dividida en dúas metades co obxecto de permitir a entrada a dúas vivendas diferentes.

| INTERESE HISTÓRICO: | INTERESE ARQUITECTÓNICO: | INTERESE URBANÍSTICO: | NIVEL DE PROTECCIÓN: | ESTADO DE CONSERVACIÓN: | PROPIEDADE: |
|---|---|---|---|---|---|
| MOI ALTO | ALTO | ALTO | ESTRUTURAL | POUCO ALTERADO | PRIVADA |

CLASIFICACIÓN E CUALIFICACIÓN:

PEPRI PAZOS

OBSERVACIÓNS:

O Decreto 571/1963 protexe os escudos, emblemas, pedras heráldicas, rolos de xustiza, cruces de termo e pezas similares de interese histórico artístico; BOE núm. 77, do 30 de marzo. Os dous (2) escudos ou brasóns que loce a fachada desta vivenda teñen a consideración de Ben de Interese Cultural (BIC), o máximo grao de protección legal co que pode contar un ben cultural, por aplicación da disposición adicional segunda da Lei 16/1985, do 25 de xuño, do Patrimonio Histórico Español.

ELEMENTOS SINGULARES A PROTEXER

ESCUDOS

CARPINTERÍAS DE MADEIRA

MELLORAS NECESARIAS:

Recuperación da escalinata de acceso orixinal ao andar residencial e da biseira da porta de acceso orixinais.
Suprimirase o miradoiro a as persianas exteriores, xa que son elementos alleos á tipoloxía orixinal do ben. Instalaranse baixantes de cobre.

| OBRAS PROHIBIDAS: | OBRAS PERMITIDAS: |
|---|---|
| As que fixe o nivel de protección | As que fixe o nivel de protección, sendo obrigadas as incluídas no apartado de melloras<br>Máis todas as permitidas na normativa xeral correspondentes ao seu nivel de protección. |

# INSTRUMENTO DE ORDENACIÓN PROVISIONAL DO CONCELLO DE VERÍN

| CLASIFICACIÓN (Art. 8 LPCG): | CATEGORÍA (Art. 10 LPCG): | TIPO | | Nº FICHA: |
|---|---|---|---|---|
| CATALOGADO | MONUMENTO | ARQUITECTÓNICO | CIVIL | A_162 |

**F_01**



**S**




DENOMINACIÓN: **Casa Grande**

PARROQUIA: **PAZOS**

NÚCLEO: **Pazos**

Localización: **Pazos**

Coordenadas UTM: **628432-4644657**

Clave Plano: C-09

DESCRICIÓN:

Casa Grande localizada no centro do núcleo de Pazos que ocupa un cuarteirón completo. De planta poligonal, dúas alturas (B+I) e cuberta a catro augas, os seus muros aparecen conformados en cantaría (opus quadratum).

Escasamente alterada respecto do seu aspecto orixinal, o andar terreo -como é norma- foi ideado para acoller a adega, así como a estancia para o resgardo de apeiros de labranza, de aí que se fixe unha escaleira exterior dun único tiro que permite o acceso ao andar residencial. Neste mesmo lenzo aparece un dos elementos máis notables da casa, un elegante balcón con soleira de granito apoiada sobre canzorros con varanda de forxa. A outra fachada pública da vivenda preséntase máis alterada: transformou en galería (de aluminio lacado) un balcón orixinal, e situou un novo elemento voado de nova factura á par daquel.

| INTERESE HISTÓRICO: | INTERESE ARQUITECTÓNICO: | INTERESE URBANÍSTICO: | NIVEL DE PROTECCIÓN: | ESTADO DE CONSERVACIÓN: | PROPIEDADE: |
|---|---|---|---|---|---|
| ALTO | ALTO | ALTO | ESTRUTURAL | BO | PRIVADA |

CLASIFICACIÓN E CUALIFICACIÓN:

PEPRI PAZOS

OBSERVACIÓNS:

ELEMENTOS SINGULARES A PROTEXER

BALCÓNS E VARANDAS
ESCALEIRAS
CARPINTERÍAS DE MADEIRA
FINCA SINGULAR

MELLORAS NECESARIAS:

Adecuarase a balaustrada de pedra á tipoloxía orixinal e suprimirase o miradoiro da fachada lateral. Soterramento do cableado aéreo e instalación dun alumeado público nobre acorde coa entidade do ben, retirando a luminaria da súa localización actual.

| OBRAS PROHIBIDAS: | OBRAS PERMITIDAS: |
|---|---|
| As que fixe o nivel de protección | As que fixe o nivel de protección, sendo obrigadas as incluídas no apartado de melloras<br>Máis todas as permitidas na normativa xeral correspondentes ao seu nivel de protección. |

# INSTRUMENTO DE ORDENACIÓN PROVISIONAL DO CONCELLO DE VERÍN

| CLASIFICACIÓN (Art. 8 LPCG): | CATEGORÍA (Art. 10 LPCG): | TIPO | | Nº FICHA: |
|---|---|---|---|---|
| CATALOGADO | MONUMENTO | ARQUITECTÓNICO | CIVIL | **A_163** |

**F_01**



**S**




| DENOMINACIÓN: | PARROQUIA: | NÚCLEO: |
|---|---|---|
| **Casa Grande dos Miñambres 1** | **PAZOS** | **Pazos** |

| Localización: | Coordenadas UTM: | Clave Plano: |
|---|---|---|
| **Rúa do Cuartelillo** | **628357-4644869** | C-08 |

DESCRICIÓN:

Casa Grande de tipoloxía exenta localizada ao N do núcleo de Pazos a carón do casal homónimo orixinal. De planta poligonal, dúas alturas (B+I) e cuberta a catro augas, os seus muros aparecen conformados con cantaría de alta calidade (opus quadratum).
Construída ao longo do século pasado, o andar terreo -como é norma- foi ideado para acoller a adega, así como distintas estancias para o resgardo de apeiros de labranza, de aí que se abra unicamente ao exterior por medio dun escaso número de bufardas abucinadas. Neste mesmo lenzo (SE) sitúase un dos elementos máis notables da casa, un elegante balcón con varanda de forxa e soleira de granito apoiada sobre unha moldura corrida. Este mesmo elemento, desta volta sustentado sobre canzorros, reaparece na fachada SW.

| INTERESE HISTÓRICO: | INTERESE ARQUITECTÓNICO: | INTERESE URBANÍSTICO: | NIVEL DE PROTECCIÓN: | ESTADO DE CONSERVACIÓN: | PROPIEDADE: |
|---|---|---|---|---|---|
| MEDIO | ALTO | ALTO | ESTRUTURAL | BO | PRIVADA |

CLASIFICACIÓN E CUALIFICACIÓN:

PEPRI PAZOS

OBSERVACIÓNS:

ELEMENTOS SINGULARES A PROTEXER

BALCÓNS E VARANDAS
CARPINTERÍAS DE MADEIRA
FINCA SINGULAR

MELLORAS NECESARIAS:

Soterramento do cableado aéreo.

| OBRAS PROHIBIDAS: | OBRAS PERMITIDAS: |
|---|---|
| As que fixe o nivel de protección | As que fixe o nivel de protección, sendo obrigadas as incluídas no apartado de melloras<br>Máis todas as permitidas na normativa xeral correspondentes ao seu nivel de protección. |

# INSTRUMENTO DE ORDENACIÓN PROVISIONAL DO CONCELLO DE VERÍN

| CLASIFICACIÓN (Art. 8 LPCG): | CATEGORÍA (Art. 10 LPCG): | TIPO | | Nº FICHA: |
|---|---|---|---|---|
| CATALOGADO | MONUMENTO | ARQUITECTÓNICO | CIVIL | A_164 |

**F_01** **S**






| DENOMINACIÓN: | PARROQUIA: | NÚCLEO: |
|---|---|---|
| **Casa Grande dos Miñambres 2** | **PAZOS** | **Pazos** |

| Localización: | Coordenadas UTM: | Clave Plano: |
|---|---|---|
| **Pazos** | **628366-4644841** | C-08 |

DESCRICIÓN:

Casa Grande de tipoloxía exenta localizada ao N do núcleo de Pazos a carón dun casal homónimo levantado con posterioridade. De planta poligonal, dúas alturas (B+I) e cuberta a catro augas, os seus muros aparecen conformados con cantaría de mediana calidade (opus vittatum).
Construída na Idade Moderna, o andar terreo -ao que se accede a través dun patio- foi ideado para acoller a adega, así como distintas estancias para o resgardo de apeiros de labranza, de aí que unicamente se abra ao exterior por medio dun portón. No lenzo orientado ao SW sitúanse os elementos máis notables da casa: un elegante balcón corrido enrasado con varanda de madeira e soleira de granito e, por baixo del, dous brasóns timbrados. A súa fachada NW, a mesma que se abre ao patio privado que referimos máis arriba, volve amosar un novo escudo nobiliario -este sen timbre- á beira dunha fiestra de tres batentes situada no andar elevado. Este volume residencial empalma neste sector (NE) cunha serie de construcións adxectivas.

| INTERESE HISTÓRICO: | INTERESE ARQUITECTÓNICO: | INTERESE URBANÍSTICO: | NIVEL DE PROTECCIÓN: | ESTADO DE CONSERVACIÓN: | PROPIEDADE: |
|---|---|---|---|---|---|
| ALTO | ALTO | ALTO | ESTRUTURAL | POUCO ALTERADO | PRIVADA |

CLASIFICACIÓN E CUALIFICACIÓN:

PEPRI PAZOS

OBSERVACIÓNS:

O Decreto 571/1963 protexe os escudos, emblemas, pedras heráldicas, rolos de xustiza, cruces de termo e pezas similares de interese histórico artístico; BOE núm. 77, do 30 de marzo. Os tres (3) escudos ou brasóns que locen as fachadas desta vivenda teñen a consideración de Ben de Interese Cultural (BIC), o máximo grao de protección legal co que pode contar un ben cultural, por aplicación da disposición adicional segunda da Lei 16/1985, do 25 de xuño, do Patrimonio Histórico Español.
A Finca Singular sobre a que se ergue o ben que é obxecto desta ficha -incluídos os seus muros de peche- gozará de idéntica protección que aquel.

ELEMENTOS SINGULARES A PROTEXER

CARPINTERÍAS DE MADEIRA
ESCUDOS
BALCÓNS E VARANDAS
FINCA SINGULAR

MELLORAS NECESARIAS:

Soterramento do cableado aéreo e instalación dun alumeado público nobre acorde coa entidade do ben.

| OBRAS PROHIBIDAS: | OBRAS PERMITIDAS: |
|---|---|
| As que fixe o nivel de protección | As que fixe o nivel de protección, sendo obrigadas as incluídas no apartado de melloras<br>Máis todas as permitidas na normativa xeral correspondentes ao seu nivel de protección. |

# INSTRUMENTO DE ORDENACIÓN PROVISIONAL DO CONCELLO DE VERÍN

| CLASIFICACIÓN (Art. 8 LPCG): | CATEGORÍA (Art. 10 LPCG): | TIPO | | Nº FICHA: |
|---|---|---|---|---|
| CATALOGADO | MONUMENTO | ARQUITECTÓNICO | CIVIL | A_165 |

**F_01**



**S**




DENOMINACIÓN: **Casa tradicional**

PARROQUIA: **PAZOS**

NÚCLEO: **Pazos**

Localización: **Pazos**

Coordenadas UTM: **628319-4644819**

Clave Plano: C-08

DESCRICIÓN:

Vivenda tradicional localizada ao NW do núcleo de Pazos levantada entre medianeiras. De planta poligonal, dúas alturas (B+I) e cuberta a tres augas, os seus muros aparecen conformados en pedra irregular concertada (opus vittatum).
Relativamente alterada respecto da súa tipoloxía orixinal, o andar terreo -como é habitual- foi ideado para acoller a adega, así como a estancia para o resgardo de apeiros de labranza, de aí a presenza dun portón de acceso decorado por un altorrelevo de factura popular que presenta unha cruz latina flanqueada por dous pináculos que se coroan cun hastial que recorda a unha ánfora ou crátera.
Na fachada principal do inmoble fai a súa aparición un balcón voado -orixinalmente con soleira de madeira- que se apoia sobre canzorros.

| INTERESE HISTÓRICO: | INTERESE ARQUITECTÓNICO: | INTERESE URBANÍSTICO: | NIVEL DE PROTECCIÓN: | ESTADO DE CONSERVACIÓN: | PROPIEDADE: |
|---|---|---|---|---|---|
| ALTO | ALTO | ALTO | AMBIENTAL | POUCO ALTERADO | PRIVADA |

CLASIFICACIÓN E CUALIFICACIÓN:

PEPRI PAZOS

OBSERVACIÓNS:

ELEMENTOS SINGULARES A PROTEXER

BALCÓNS E VARANDAS
ELEMENTOS DECORATIVOS DA FACHADA
CARPINTERÍAS DE MADEIRA

MELLORAS NECESARIAS:

Recuperación da tipoloxía orixinal do balcón (suprimirase o voo pechado) e instalación de baixantes de cobre ou chapa metálica acabada en mate, suprimindo as de fábrica e PVC actuais. Soterramento do cableado aéreo e instalación dun alumeado público nobre acorde coa entidade do ben.

OBRAS PROHIBIDAS:

As que fixe o nivel de protección

OBRAS PERMITIDAS:

As que fixe o nivel de protección, sendo obrigadas as incluídas no apartado de melloras
Máis todas as permitidas na normativa xeral correspondentes ao seu nivel de protección.

# INSTRUMENTO DE ORDENACIÓN PROVISIONAL DO CONCELLO DE VERÍN

| CLASIFICACIÓN (Art. 8 LPCG): | CATEGORÍA (Art. 10 LPCG): | TIPO | | Nº FICHA: |
|---|---|---|---|---|
| CATALOGADO | MONUMENTO | ARQUITECTÓNICO | CIVIL | A_166 |

F_01



S




| DENOMINACIÓN: | PARROQUIA: | NÚCLEO: |
|---|---|---|
| **Vivenda tradicional** | **PAZOS** | **Pazos** |

| Localización: | Coordenadas UTM: | Clave Plano: |
|---|---|---|
| **Pazos** | **628308-4644803** | C-08 |

DESCRICIÓN:

Casa Grande localizada ao N do núcleo de Pazos que ocupa o ángulo dun cuarteirón. De planta poligonal, dúas alturas (B+I) e cuberta a catro augas, os seus muros foron levantados en cantaría de mediana calidade (opus vittatum).

Escasamente alterada respecto do seu aspecto orixinal, o andar terreo foi ideado para acoller a adega, así como a estancia para o resgardo de apeiros de labranza, de aí que se dispoña unha escaleira exterior dun único tiro que permite o acceso ao andar residencial. Na fachada principal aparece un dos elementos máis notables da casa, un sinxelo balcón con soleira de granito apoiado sobre canzorros. Este mesmo lenzo murario dispón un par de brasóns sen timbrar embutidos no muro, un deles baixo un epígrafe ilexible situado sobre o beirado granítico perimetral.

| INTERESE HISTÓRICO: | INTERESE ARQUITECTÓNICO: | INTERESE URBANÍSTICO: | NIVEL DE PROTECCIÓN: | ESTADO DE CONSERVACIÓN: | PROPIEDADE: |
|---|---|---|---|---|---|
| ALTO | ALTO | ALTO | AMBIENTAL | POUCO ALTERADO | PRIVADA |

CLASIFICACIÓN E CUALIFICACIÓN:

PEPRI PAZOS

OBSERVACIÓNS:

O Decreto 571/1963 protexe os escudos, emblemas, pedras heráldicas, rolos de xustiza, cruces de termo e pezas similares de interese histórico artístico; BOE núm. 77, do 30 de marzo. Os dous (2) escudos ou brasóns que locen as fachadas desta vivenda teñen a consideración de Ben de Interese Cultural (BIC), o máximo grao de protección legal co que pode contar un ben cultural, por aplicación da disposición adicional segunda da Lei 16/1985, do 25 de xuño, do Patrimonio Histórico Español.

ELEMENTOS SINGULARES A PROTEXER

ESCUDOS

BALCÓNS E VARANDAS

ESCALEIRAS

MELLORAS NECESARIAS:

Recuperación da tipoloxía orixinal do inmoble. Soterramento do cableado aéreo e instalación dun alumeado público nobre acorde coa entidade do ben.

| OBRAS PROHIBIDAS: | OBRAS PERMITIDAS: |
|---|---|
| As que fixe o nivel de protección | As que fixe o nivel de protección, sendo obrigadas as incluídas no apartado de melloras<br>Máis todas as permitidas na normativa xeral correspondentes ao seu nivel de protección. |

# INSTRUMENTO DE ORDENACIÓN PROVISIONAL DO CONCELLO DE VERÍN

| CLASIFICACIÓN (Art. 8 LPCG): | CATEGORÍA (Art. 10 LPCG): | TIPO | | Nº FICHA: |
|---|---|---|---|---|
| CATALOGADO | MONUMENTO | ARQUITECTÓNICO | CIVIL | **A_167** |

**F_01**



**S**




DENOMINACIÓN: **Vivenda tradicional**

PARROQUIA: **PAZOS**

NÚCLEO: **Pazos**

Localización: **Pazos**

Coordenadas UTM: **628335-4644810**

Clave Plano: C-08

DESCRICIÓN:

Vivenda tradicional localizada ao NW do núcleo de Pazos levantada entre medianeiras. De planta poligonal, dúas alturas (B+I) e cuberta a tres augas, os seus muros aparecen conformados en pedra irregular concertada (opus vittatum).
Escasamente alterada respecto da súa tipoloxía orixinal, o andar terreo -como é habitual- foi ideado para acoller a adega, así como a estancia para o resgardo de apeiros de labranza.
Na fachada principal, que coincide co chafrán, fai a súa aparición un balcón voado cuberto defendido cunha varanda de forxa que se apoia nunha solaina granítica.

| INTERESE HISTÓRICO: | INTERESE ARQUITECTÓNICO: | INTERESE URBANÍSTICO: | NIVEL DE PROTECCIÓN: | ESTADO DE CONSERVACIÓN: | PROPIEDADE: |
|---|---|---|---|---|---|
| ALTO | ALTO | ALTO | AMBIENTAL | BO | PRIVADA |

CLASIFICACIÓN E CUALIFICACIÓN:

PEPRI PAZOS

OBSERVACIÓNS:

ELEMENTOS SINGULARES A PROTEXER

BALCÓNS E VARANDAS
CARPINTERÍAS DE MADEIRA

MELLORAS NECESARIAS:

Soterramento do cableado aéreo e instalación dun alumeado público nobre acorde coa entidade do ben.

OBRAS PROHIBIDAS:

As que fixe o nivel de protección

OBRAS PERMITIDAS:

As que fixe o nivel de protección, sendo obrigadas as incluídas no apartado de melloras
Máis todas as permitidas na normativa xeral correspondentes ao seu nivel de protección.

# INSTRUMENTO DE ORDENACIÓN PROVISIONAL DO CONCELLO DE VERÍN

| CLASIFICACIÓN (Art. 8 LPCG): | CATEGORÍA (Art. 10 LPCG): | TIPO | | Nº FICHA: |
|---|---|---|---|---|
| CATALOGADO | MONUMENTO | ARQUITECTÓNICO | CIVIL | **A_168** |

**F_01**



**S**




DENOMINACIÓN: **Conxunto de interese e brasón**

PARROQUIA: **PAZOS**

NÚCLEO: **Pazos**

Localización: **Pazos**

Coordenadas UTM: **628358-4644625**

Clave Plano: C-09

DESCRICIÓN:

Conxunto tradicional de interese levantado entre medianeiras que consitúe un cuarteirón situado no centro do núcleo de Pazos. A vivenda que acolle o escudo timbrado presenta planta rectangular, dúas alturas (B+I) e cuberta a dúas augas. Os seus muros erguéronse utilizando unha plementería irregular (opus vittatum) que, malia todo, permite abrir grandes ocos como a fiestra que se dispón no eixe da fachada.

| INTERESE HISTÓRICO: | INTERESE ARQUITECTÓNICO: | INTERESE URBANÍSTICO: | NIVEL DE PROTECCIÓN: | ESTADO DE CONSERVACIÓN: | PROPIEDADE: |
|---|---|---|---|---|---|
| ALTO | MEDIO | ALTO | AMBIENTAL | POUCO ALTERADO | PRIVADA |

CLASIFICACIÓN E CUALIFICACIÓN:

PEPRI PAZOS

OBSERVACIÓNS:

O Decreto 571/1963 protexe os escudos, emblemas, pedras heráldicas, rolos de xustiza, cruces de termo e pezas similares de interese histórico artístico; BOE núm. 77, do 30 de marzo. O escudo ou brasón que loce a fachada desta vivenda ten a consideración de Ben de Interese Cultural (BIC), o máximo grao de protección legal co que pode contar un ben cultural, por aplicación da disposición adicional segunda da Lei 16/1985, do 25 de xuño, do Patrimonio Histórico Español.

ELEMENTOS SINGULARES A PROTEXER

ESCUDOS

CARPINTERÍAS DE MADEIRA

MELLORAS NECESARIAS:

Adecuación do tramo de fachada sen pintar que loce o piso residencial inmediato ao brasón. Soterramento do cableado aéreo e instalación dun alumeado público nobre acorde coa entidade do ben.

OBRAS PROHIBIDAS:

As que fixe o nivel de protección

OBRAS PERMITIDAS:

As que fixe o nivel de protección, sendo obrigadas as incluídas no apartado de melloras

Máis todas as permitidas na normativa xeral correspondentes ao seu nivel de protección.

# INSTRUMENTO DE ORDENACIÓN PROVISIONAL DO CONCELLO DE VERÍN

| CLASIFICACIÓN (Art. 8 LPCG): | CATEGORÍA (Art. 10 LPCG): | TIPO | | Nº FICHA: |
|---|---|---|---|---|
| CATALOGADO | MONUMENTO | ARQUITECTÓNICO | RELIXIOSO | **A_169** |

**F_01** **S**






DENOMINACIÓN: **Igrexa parroquial de San Pedro**

PARROQUIA: **QUEIZÁS**

NÚCLEO: **Queizás**

Localización: **Queizás**

Coordenadas UTM: **628828-4642165**

Clave Plano: D-13

DESCRICIÓN:

Templo de orixe románica (así o evidencian os canzorros xeométricos e figurados que sosteñen o beirado perimetral do altar maior) reconstruído na Idade Moderna reutilizando unha parte dos materiais e estruturas do edificio orixinal, tal e como evidencia a lectura dos seus paramentos, levantados nunha mestura de opus incertum, mixtum vittatum e quadratum.
A fachada principal, levantada ex novo no século XVIII probablemente, ergueuse utilizando cantaría perfectamente labrada e escuadrada, un material que dá forma a unha composición neobarroca moi contida (evidenciada apenas no acobadamento da porta principal) que se remata en altura por medio dunha espadana de dobre oco flanqueada e coroada por pináculos piramidais rematados en bola e unha cruz latina sen figuración.

| INTERESE HISTÓRICO: | INTERESE ARQUITECTÓNICO: | INTERESE URBANÍSTICO: | NIVEL DE PROTECCIÓN: | ESTADO DE CONSERVACIÓN: | PROPIEDADE: |
|---|---|---|---|---|---|
| MOI ALTO | ALTO | ALTO | INTEGRAL | POUCO ALTERADO | PARROQUIAL |

CLASIFICACIÓN E CUALIFICACIÓN:

NÚCLEO RURAL TRADICIONAL

OBSERVACIÓNS:

Na parede N do templo aparece embutida unha peza granítica rectangular que presenta unha espiña de peixe en altorrelevo (semellante á que loce a capela de San Xes de Francelos p.e.) de clara filiación altomedieval.
Sobre o lintel da porta principal da nave lemos: "ESTA ES YGLESIA D REFVGIO Y SAGRADO".

ELEMENTOS SINGULARES A PROTEXER

CARPINTERÍAS DE MADEIRA
TODO O CONXUNTO
ELEMENTOS PETREOS SENLLEIROS
INSCRICIÓNS

MELLORAS NECESARIAS:

Suprimiranse todos os elementos disconformes ou alleos ao ben (cableado aéreo, solucións tipolóxicas extranas, materiais desaxustados, rótulos e/ou toldos inapropiados ...) co obxecto de recuperar as invariantes tradicionais e características do elemento catalogado.

| OBRAS PROHIBIDAS: | OBRAS PERMITIDAS: |
|---|---|
| Construción de novos nichos no adro | As que fixe o nivel de protección, sendo obrigadas as incluídas no apartado de melloras<br>Máis todas as permitidas na normativa xeral correspondentes ao seu nivel de protección. |

# INSTRUMENTO DE ORDENACIÓN PROVISIONAL DO CONCELLO DE VERÍN

| CLASIFICACIÓN (Art. 8 LPCG): | CATEGORÍA (Art. 10 LPCG): | TIPO | | Nº FICHA: |
|---|---|---|---|---|
| CATALOGADO | MONUMENTO | ARQUITECTÓNICO | CIVIL | **A_170** |

**F_01** **S**






| DENOMINACIÓN: | PARROQUIA: | NÚCLEO: |
|---|---|---|
| **Casa Reitoral de Queizás** | **QUEIZÁS** | **Queizás** |

| Localización: | Coordenadas UTM: | Clave Plano: |
|---|---|---|
| **Queizás** | **628805-4642184** | D-13 |

DESCRICIÓN:

Edificio de planta en forma de L que dispón ao seu carón unha serie de arquitecturas adxectivas que axudan a conformar un patio interior con acceso polo E a través dun portalón. De dúas alturas (B+I) e cuberta a catro augas, os muros desta vivenda situada a carón do templo parroquial foron levantados utilizando tipoloxías diferentes: opus vittatum no contorno dos ocos e nos eixes estruturais e vittatum no resto.
Escasamente alterada respecto da súa tipoloxía orixinal, o andar terreo -como é habitual- foi ideado para acoller a adega, así como a estancia para o resgardo de apeiros de labranza, reservando o andar elevado -ao que se accede a través dunha escaleira exterior- para usos residenciais.

| INTERESE HISTÓRICO: | INTERESE ARQUITECTÓNICO: | INTERESE URBANÍSTICO: | NIVEL DE PROTECCIÓN: | ESTADO DE CONSERVACIÓN: | PROPIEDADE: |
|---|---|---|---|---|---|
| ALTO | ALTO | ALTO | ESTRUTURAL | POUCO ALTERADO | PARROQUIAL |

CLASIFICACIÓN E CUALIFICACIÓN:

NÚCLEO RURAL TRADICIONAL

OBSERVACIÓNS:

A Finca Singular sobre a que se ergue o ben que é obxecto desta ficha -incluídos os seus muros de peche- gozará de idéntica protección que aquel.

ELEMENTOS SINGULARES A PROTEXER

CARPINTERÍAS DE MADEIRA
ESCALEIRAS
FINCA SINGULAR

MELLORAS NECESARIAS:

Suprimiranse todos os elementos disconformes ou alleos ao ben protexido (cableado aéreo, solucións tipolóxicas extranas, materiais desaxustados, rótulos e/ou toldos inapropiados ...) co obxecto de recuperar as invariantes tradicionais e características do elemento catalogado.

| OBRAS PROHIBIDAS: | OBRAS PERMITIDAS: |
|---|---|
| As que fixe o nivel de protección | As que fixe o nivel de protección, sendo obrigadas as incluídas no apartado de melloras<br>Máis todas as permitidas na normativa xeral correspondentes ao seu nivel de protección. |

# INSTRUMENTO DE ORDENACIÓN PROVISIONAL DO CONCELLO DE VERÍN

| CLASIFICACIÓN (Art. 8 LPCG): | CATEGORÍA (Art. 10 LPCG): | TIPO | | Nº FICHA: |
|---|---|---|---|---|
| CATALOGADO | MONUMENTO | ARQUITECTÓNICO | CIVIL | A_171 |

**F_01** **S**





| DENOMINACIÓN: | PARROQUIA: | NÚCLEO: |
|---|---|---|
| **Casa Grande** | **QUEIZÁS** | **Queizás** |

| Localización: | Coordenadas UTM: | Clave Plano: |
|---|---|---|
| **Queizás** | **628849-4642194** | D-13 |

DESCRICIÓN:

Edificio de planta poligonal que dispón ao seu carón unha serie de arquitecturas adxectivas que axudan a conformar un patio interior con acceso polo S a través dun portalón con mochetas sen decoración. De dúas alturas (B+I) e cuberta a catro augas, os muros desta vivenda situada a carón do templo parroquial foron levantados utilizando pedra irregular escuadrada (opus vittatum).
Apreciablemente alterada respecto da súa tipoloxía orixinal (a súa carpintería foi integramente substituída por aluminio lacado en branco), o andar terreo -como é norma- foi ideado para acoller a adega, así como a estancia para o resgardo de apeiros de labranza, reservando o andar elevado -ao que se accede a través dunha escaleira exterior- para usos residenciais. Neste nivel desprégase un balcón corrido ao longo de toda a súa fachada do que ignoramos a súa cronoloxía.

| INTERESE HISTÓRICO: | INTERESE ARQUITECTÓNICO: | INTERESE URBANÍSTICO: | NIVEL DE PROTECCIÓN: | ESTADO DE CONSERVACIÓN: | PROPIEDADE: |
|---|---|---|---|---|---|
| MEDIO | MEDIO | ALTO | AMBIENTAL | POUCO ALTERADO | PRIVADA |

CLASIFICACIÓN E CUALIFICACIÓN:

NÚCLEO RURAL TRADICIONAL

OBSERVACIÓNS:

ELEMENTOS SINGULARES A PROTEXER

TODO O CONXUNTO

MELLORAS NECESARIAS:

Soterramento do cableado aéreo e instalación dun alumeado público nobre acorde coa entidade do ben.

| OBRAS PROHIBIDAS: | OBRAS PERMITIDAS: |
|---|---|
| As que fixe o nivel de protección | As que fixe o nivel de protección, sendo obrigadas as incluídas no apartado de melloras<br>Máis todas as permitidas na normativa xeral correspondentes ao seu nivel de protección. |

# INSTRUMENTO DE ORDENACIÓN PROVISIONAL DO CONCELLO DE VERÍN

| CLASIFICACIÓN (Art. 8 LPCG): | CATEGORÍA (Art. 10 LPCG): | TIPO | | Nº FICHA: |
|---|---|---|---|---|
| CATALOGADO | MONUMENTO | ARQUITECTÓNICO | CIVIL | **A_172** |

**F_01**



**S**




| DENOMINACIÓN: | PARROQUIA: | NÚCLEO: |
|---|---|---|
| **Casa do Perú** | **VERÍN** | **Verín** |

| Localización: | Coordenadas UTM: | Clave Plano: |
|---|---|---|
| **Avda de Portugal** | **629343-4643212** | D-11 |

DESCRICIÓN:

Vivenda de planta rectangular, dúas alturas (B+I) e cuberta a catro augas que se ergue utilizando cantaría de boa calidade (opus quadratum). O piso terreo preséntase case totalmente cego, sen dúbida por destinarse a usos non residenciais. O andar superior si presenta unha serie rítmica de grandes ocos (fiestras e algunha porta) con peitoril en altorrelevo simulando pilastras en forma de estípite.
Un dos alzados menores presenta un brasón timbrado e cuartelado embutido na súa fachada.

| INTERESE HISTÓRICO: | INTERESE ARQUITECTÓNICO: | INTERESE URBANÍSTICO: | NIVEL DE PROTECCIÓN: | ESTADO DE CONSERVACIÓN: | PROPIEDADE: |
|---|---|---|---|---|---|
| ALTO | ALTO | MEDIO | ESTRUTURAL | POUCO ALTERADO | PRIVADA |

CLASIFICACIÓN E CUALIFICACIÓN:

URBANO CONSOLIDADO

OBSERVACIÓNS:

O Decreto 571/1963 protexe os escudos, emblemas, pedras heráldicas, rolos de xustiza, cruces de termo e pezas similares de interese histórico artístico; BOE núm. 77, do 30 de marzo. O escudo ou brasón que loce a fachada desta vivenda ten a consideración de Ben de Interese Cultural (BIC), o máximo grao de protección legal co que pode contar un ben cultural, por aplicación da disposición adicional segunda da Lei 16/1985, do 25 de xuño, do Patrimonio Histórico Español.

ELEMENTOS SINGULARES A PROTEXER

ESCUDOS

MELLORAS NECESARIAS:

Soterramento do cableado aéreo e instalación dun alumeado público nobre acorde coa entidade do ben.

| OBRAS PROHIBIDAS: | OBRAS PERMITIDAS: |
|---|---|
| As que fixe o nivel de protección | As que fixe o nivel de protección, sendo obrigadas as incluídas no apartado de melloras<br>Máis todas as permitidas na normativa xeral correspondentes ao seu nivel de protección. |

# INSTRUMENTO DE ORDENACIÓN PROVISIONAL DO CONCELLO DE VERÍN

| CLASIFICACIÓN (Art. 8 LPCG): | CATEGORÍA (Art. 10 LPCG): | TIPO | | Nº FICHA: |
|---|---|---|---|---|
| CATALOGADO | MONUMENTO | ARQUITECTÓNICO | CIVIL | **A_173** |

**F_01**



**S**




DENOMINACIÓN: **Casa tradicional con brasóns (2)**

PARROQUIA: **QUEIZÁS**

NÚCLEO: **A Aldea**

Localización: **A Aldea**

Coordenadas UTM: **628639-4642557**

Clave Plano: C-13

DESCRICIÓN:

Vivenda de planta rectangular construída entre medianeiras con fronte a unha das rúas principais do núcleo, que presenta dúas alturas (B+I) e unha cuberta de dúas vertentes. Esta tipoloxía de casa responde ao patrón de casa tradicional, levantada en cantaría granítica de mediana calidade (opus vittatum) que opta por situar na súa fachada principal un amplo balcón corrido e voado que aparece sustentado sobre piares graníticos.

Conta con dous (2) brasóns timbrados embutidos na súa fachada infrecuentes nunha vivenda popular como esta, o que nos fai pensar que quizais non se sitúen na súa localización orixinal.

| INTERESE HISTÓRICO: | INTERESE ARQUITECTÓNICO: | INTERESE URBANÍSTICO: | NIVEL DE PROTECCIÓN: | ESTADO DE CONSERVACIÓN: | PROPIEDADE: |
|---|---|---|---|---|---|
| ALTO | ALTO | ALTO | AMBIENTAL | POUCO ALTERADO | PRIVADA |

CLASIFICACIÓN E CUALIFICACIÓN:

NÚCLEO RURAL TRADICIONAL

OBSERVACIÓNS:

O Decreto 571/1963 protexe os escudos, emblemas, pedras heráldicas, rolos de xustiza, cruces de termo e pezas similares de interese histórico artístico; BOE núm. 77, do 30 de marzo. Os dous escudos ou brasóns que loce a fachada desta vivenda teñen a consideración de Ben de Interese Cultural (BIC), o máximo grao de protección legal co que pode contar un ben cultural, por aplicación da disposición adicional segunda da Lei 16/1985, do 25 de xuño, do Patrimonio Histórico Español. A cada un estes escudos ou brasóns aplícaselle o nivel de protección estrutural.

ELEMENTOS SINGULARES A PROTEXER

CARPINTERÍAS DE MADEIRA

BALCÓNS E VARANDAS

MELLORAS NECESARIAS:

Soterramento do cableado aéreo e instalación dun alumeado público nobre acorde coa entidade do ben.

| OBRAS PROHIBIDAS: | OBRAS PERMITIDAS: |
|---|---|
| Supresión do enfoscado pintado | As que fixe o nivel de protección, sendo obrigadas as incluídas no apartado de melloras |
| As que fixe o nivel de protección | Máis todas as permitidas na normativa xeral correspondentes ao seu nivel de protección. |

# INSTRUMENTO DE ORDENACIÓN PROVISIONAL DO CONCELLO DE VERÍN

| CLASIFICACIÓN (Art. 8 LPCG): | CATEGORÍA (Art. 10 LPCG): | TIPO | | Nº FICHA: |
|---|---|---|---|---|
| CATALOGADO | MONUMENTO | ARQUITECTÓNICO | CIVIL | **A_174** |

**F_01** **S**





| DENOMINACIÓN: | PARROQUIA: | NÚCLEO: |
|---|---|---|
| **Casa tradicional con brasón** | **QUEIZÁS** | **A Aldea** |

| Localización: | Coordenadas UTM: | Clave Plano: |
|---|---|---|
| **A Aldea** | **628570-4642494** | C-13 |

DESCRICIÓN:

Vivenda tradicional moi alterada respecto da súa tipoloxía orixinal que unicamente conserva un lenzo mural orixinal -duns 3 m. de altura- constituído en cantaría de mediana calidade (opus vittatum). Á altura do andar residencial sitúase un brasón timbrado de boa calidade cuartelado en cruz e datable na Idade Moderna.

| INTERESE HISTÓRICO: | INTERESE ARQUITECTÓNICO: | INTERESE URBANÍSTICO: | NIVEL DE PROTECCIÓN: | ESTADO DE CONSERVACIÓN: | PROPIEDADE: |
|---|---|---|---|---|---|
| ALTO | ALTO | ALTO | AMBIENTAL | MALO | PRIVADA |

CLASIFICACIÓN E CUALIFICACIÓN:

NÚCLEO RURAL TRADICIONAL

OBSERVACIÓNS:

O Decreto 571/1963 protexe os escudos, emblemas, pedras heráldicas, rolos de xustiza, cruces de termo e pezas similares de interese histórico artístico; BOE núm. 77, do 30 de marzo. O escudo ou brasón que loce a fachada desta vivenda ten a consideración de Ben de Interese Cultural (BIC), o máximo grao de protección legal co que pode contar un ben cultural, por aplicación da disposición adicional segunda da Lei 16/1985, do 25 de xuño, do Patrimonio Histórico Español.

ELEMENTOS SINGULARES A PROTEXER

ESCUDOS

CARPINTERÍAS DE MADEIRA

MELLORAS NECESARIAS:

Adecuación tipolóxica e material dos inmobles inmediatos ao que é obxecto de protección pola presente ficha. Suprimiranse todos os elementos disconformes ou alleos ao ben (engadidos, solucións tipolóxicas extranas, materiais desaxustados, cubertas e varandas inapropiadas ...) co obxecto de recuperar as invariantes tradicionais do ben catalogado.

| OBRAS PROHIBIDAS: | OBRAS PERMITIDAS: |
|---|---|
| As que fixe o nivel de protección | As que fixe o nivel de protección, sendo obrigadas as incluídas no apartado de melloras<br>Máis todas as permitidas na normativa xeral correspondentes ao seu nivel de protección. |

# INSTRUMENTO DE ORDENACIÓN PROVISIONAL DO CONCELLO DE VERÍN

| CLASIFICACIÓN (Art. 8 LPCG): | CATEGORÍA (Art. 10 LPCG): | TIPO | | Nº FICHA: |
|---|---|---|---|---|
| CATALOGADO | MONUMENTO | ARQUITECTÓNICO | CIVIL | A_175 |

**F_01** **S**






| DENOMINACIÓN: | PARROQUIA: | NÚCLEO: |
|---|---|---|
| **Vivenda tradicional** | **QUEIZÁS** | **A Aldea** |

| Localización: | Coordenadas UTM: | Clave Plano: |
|---|---|---|
| **A Aldea** | **628947-4642325** | D-13 |

DESCRICIÓN:

Vivenda de planta rectangular exenta con fronte a unha das rúas principais do núcleo, que presenta dúas alturas (B+I) e unha cuberta a dúas vertentes. Esta tipoloxía de casa responde a un patrón de casa tradicional de desenvolvemento lonxitudinal, levantada en cantaría granítica de mediana calidade (opus vittatum) que opta por situar na súa fachada principal un amplo balcón corrido parcialmente voado -dividido en dous por unha porta de acceso principal, que ocupa o eixe do seu frontis- que aparece sustentado a medias por piares e un muro portante.

| INTERESE HISTÓRICO: | INTERESE ARQUITECTÓNICO: | INTERESE URBANÍSTICO: | NIVEL DE PROTECCIÓN: | ESTADO DE CONSERVACIÓN: | PROPIEDADE: |
|---|---|---|---|---|---|
| ALTO | ALTO | ALTO | AMBIENTAL | POUCO ALTERADO | PRIVADA |

CLASIFICACIÓN E CUALIFICACIÓN:

NÚCLEO RURAL TRADICIONAL

OBSERVACIÓNS:

ELEMENTOS SINGULARES A PROTEXER

CARPINTERÍAS DE MADEIRA

BALCÓNS E VARANDAS

MELLORAS NECESARIAS:

Eliminación de elementos incongruentes alleos á tipoloxía orixinal do inmoble.
Soterramento do cableado aéreo e instalación dun alumeado público nobre acorde coa entidade do ben.

| OBRAS PROHIBIDAS: | OBRAS PERMITIDAS: |
|---|---|
| Supresión do enfoscado pintado | As que fixe o nivel de protección, sendo obrigadas as incluídas no apartado de melloras |
| As que fixe o nivel de protección | Máis todas as permitidas na normativa xeral correspondentes ao seu nivel de protección. |

# INSTRUMENTO DE ORDENACIÓN PROVISIONAL DO CONCELLO DE VERÍN

| CLASIFICACIÓN (Art. 8 LPCG): | CATEGORÍA (Art. 10 LPCG): | TIPO | | Nº FICHA: |
|---|---|---|---|---|
| CATALOGADO | MONUMENTO | ARQUITECTÓNICO | CIVIL | A_176 |

F_01



S




DENOMINACIÓN: **Vivenda tradicional**

PARROQUIA: **QUEIZÁS**

NÚCLEO: **A Aldea**

Localización: **A Aldea**

Coordenadas UTM: **628908-4642316**

Clave Plano: D-13

DESCRICIÓN:

Vivenda de planta poligonal moi alterada construída entre medianeiras con fronte a unha das rúas principais do núcleo que orixinalmente presentaba dúas alturas (B+I) e unha cuberta a dúas vertentes. Esta tipoloxía de casa responde a un patrón de casa tradicional levantada en cantaría granítica de boa calidade (opus quadratum) que orixinariamente optou por situar na súa fachada principal un escaso número de ocos (as xanelas contan con tornachuvias e trabatel) situados de forma simétrica. Entre todos eles destaca un fachal ou fachineiro vertical que ocupa o eixe da fachada xusto na base do andar residencial.

| INTERESE HISTÓRICO: | INTERESE ARQUITECTÓNICO: | INTERESE URBANÍSTICO: | NIVEL DE PROTECCIÓN: | ESTADO DE CONSERVACIÓN: | PROPIEDADE: |
|---|---|---|---|---|---|
| MEDIO | MEDIO | ALTO | AMBIENTAL | POUCO ALTERADO | PRIVADA |

CLASIFICACIÓN E CUALIFICACIÓN:

NÚCLEO RURAL TRADICIONAL

OBSERVACIÓNS:

ELEMENTOS SINGULARES A PROTEXER

CARPINTERÍAS DE MADEIRA

ELEMENTOS PETREOS SENLLEIROS

MELLORAS NECESARIAS:

Soterramento do cableado aéreo e instalación dun alumeado público nobre acorde coa entidade do ben.

OBRAS PROHIBIDAS:

As que fixe o nivel de protección

OBRAS PERMITIDAS:

As que fixe o nivel de protección, sendo obrigadas as incluídas no apartado de melloras

Máis todas as permitidas na normativa xeral correspondentes ao seu nivel de protección.

| CLASIFICACIÓN (Art. 8 LPCG): | CATEGORÍA (Art. 10 LPCG): | TIPO | | Nº FICHA: |
|---|---|---|---|---|
| CATALOGADO | MONUMENTO | ARQUITECTÓNICO | CIVIL | A_177 |

F_01



S




| DENOMINACIÓN: | PARROQUIA: | NÚCLEO: |
|---|---|---|
| Conxunto tradicional | QUEIZÁS | Queizás |

| Localización: | Coordenadas UTM: | Clave Plano: |
|---|---|---|
| Queizás | 628752-4642252 | D-13 |

DESCRICIÓN:

Couzada que presenta unha notable calidade arquitectónica por canto integra un conxunto de edificacións tradicionais que, como conxunto, presenta unha serie de valores patrimoniais relevantes merecentes de conservación. Seriamente danado a causa do abandono, a maioría das edificacións presenta dúas alturas (B+I) e cuberta a dúas e catro augas; os seus muros aparecen conformados en cantaría de mediana calidade (opus vittatum).

O andar terreo, como é norma, foi ideado para acoller a adega así como as estancias para o resgardo de apeiros de labranza. O andar superior, ao que se accede a través dunha escaleira exterior que desemboca nunha solaina pétrea, ábrese ao exterior por medio de miradoiros ou balcóns voados ou enrasados.

| INTERESE HISTÓRICO: | INTERESE ARQUITECTÓNICO: | INTERESE URBANÍSTICO: | NIVEL DE PROTECCIÓN: | ESTADO DE CONSERVACIÓN: | PROPIEDADE: |
|---|---|---|---|---|---|
| ALTO | ALTO | ALTO | AMBIENTAL | POUCO ALTERADO | PRIVADA |

CLASIFICACIÓN E CUALIFICACIÓN:

NÚCLEO RURAL TRADICIONAL

OBSERVACIÓNS:

ELEMENTOS SINGULARES A PROTEXER

CARPINTERÍAS DE MADEIRA
BALCÓNS E VARANDAS
PATIO
ESCALEIRAS

MELLORAS NECESARIAS:

Soterramento do cableado aéreo e instalación dun alumeado público nobre acorde coa entidade do ben.

| OBRAS PROHIBIDAS: | OBRAS PERMITIDAS: |
|---|---|
| As que fixe o nivel de protección | As que fixe o nivel de protección, sendo obrigadas as incluídas no apartado de melloras<br>Máis todas as permitidas na normativa xeral correspondentes ao seu nivel de protección. |

# INSTRUMENTO DE ORDENACIÓN PROVISIONAL DO CONCELLO DE VERÍN

| CLASIFICACIÓN (Art. 8 LPCG): | CATEGORÍA (Art. 10 LPCG): | TIPO | | Nº FICHA: |
|---|---|---|---|---|
| CATALOGADO | MONUMENTO | ARQUITECTÓNICO | CIVIL | **A_178** |

**F_01**



**S**




| DENOMINACIÓN: | PARROQUIA: | NÚCLEO: |
|---|---|---|
| **Conxunto tradicional** | **QUEIZÁS** | **A Aldea** |

| Localización: | Coordenadas UTM: | Clave Plano: |
|---|---|---|
| **A Aldea** | **628913-4642333** | D-13 |

DESCRICIÓN:

Conxunto de vivendas tradicionais construídas entre medianeiras que presenta planta poligonal, dúas alturas (B+I) e cuberta a unha e dúas augas respectivamente. Erguida en tres momentos diferentes, tal e como evidencia a lectura dos seus paramentos, os seus muros foron levantados en opus vittatum, situando un escaso número de ocos (portas no piso terreo e fiestras no superior) de pequenas dimensións.
Destaca a inclusión dun fachineiro sobre o lintel dunha das portas de acceso e un conxunto de canzorros embutidos no muro que serviron de apoio a unha serie de pontóns que estruturaban un cuberto hoxe desaparecido.

| INTERESE HISTÓRICO: | INTERESE ARQUITECTÓNICO: | INTERESE URBANÍSTICO: | NIVEL DE PROTECCIÓN: | ESTADO DE CONSERVACIÓN: | PROPIEDADE: |
|---|---|---|---|---|---|
| ALTO | ALTO | ALTO | AMBIENTAL | POUCO ALTERADO | PRIVADA |

CLASIFICACIÓN E CUALIFICACIÓN:

NÚCLEO RURAL TRADICIONAL

OBSERVACIÓNS:

ELEMENTOS SINGULARES A PROTEXER

ELEMENTOS PETREOS SENLLEIROS

CARPINTERÍAS DE MADEIRA

MELLORAS NECESARIAS:

Suprimiranse todos os elementos disconformes ou alleos ao ben protexido (engadidos, solucións tipolóxicas extranas, materiais desaxustados, cableado aéreo, alumeado público ...) co obxecto de recuperar as invariantes tradicionais e características do elemento catalogado.

| OBRAS PROHIBIDAS: | OBRAS PERMITIDAS: |
|---|---|
| As que fixe o nivel de protección | As que fixe o nivel de protección, sendo obrigadas as incluídas no apartado de melloras<br>Máis todas as permitidas na normativa xeral correspondentes ao seu nivel de protección. |

# INSTRUMENTO DE ORDENACIÓN PROVISIONAL DO CONCELLO DE VERÍN

| CLASIFICACIÓN (Art. 8 LPCG): | CATEGORÍA (Art. 10 LPCG): | TIPO | | Nº FICHA: |
|---|---|---|---|---|
| CATALOGADO | MONUMENTO | ARQUITECTÓNICO | RELIXIOSO | **A_179** |

**F_01**



**S**




DENOMINACIÓN: **Igrexa parroquial de Sta María**

PARROQUIA: **ÁBEDES**

NÚCLEO: **Ábedes**

Localización: **Ábedes**

Coordenadas UTM: **631994-4644228**

Clave Plano: H-09

DESCRICIÓN:

Templo de probable orixe románica (así o evidencian algúns elementos arquitectónicos quizais reutilizados como a porta de acceso lateral S) reconstruído na Idade Moderna (ano 1807 segundo refire un epígrafe gravado nos seus muros) reutilizando unha parte dos materiais e estruturas do edificio orixinal. O altar maior, curiosamente de menor altura que a nave, presenta apegado un volume lateral destinado a sancristía. Os seus paramentos aparecen levantados en cantaría de boa calidade (opus quadratum).

A fachada principal asume unha composición neoclásica moi contida (evidente nas pilastras e arco de medio punto que enmarcan a porta principal) que, precedida en altura dun fornelo que acolle a imaxe da santa coa advocación do templo, remátase en altura por medio dunha espadana de dobre oco coroada por un frontón triangular que aparece flanqueado por pináculos piramidais e unha cruz latina sen figuración.

| INTERESE HISTÓRICO: | INTERESE ARQUITECTÓNICO: | INTERESE URBANÍSTICO: | NIVEL DE PROTECCIÓN: | ESTADO DE CONSERVACIÓN: | PROPIEDADE: |
|---|---|---|---|---|---|
| ALTO | ALTO | ALTO | INTEGRAL | BO | PARROQUIAL |

CLASIFICACIÓN E CUALIFICACIÓN: NÚCLEO RURAL TRADICIONAL

OBSERVACIÓNS:

ELEMENTOS SINGULARES A PROTEXER

TODO O CONXUNTO

CARPINTERÍAS DE MADEIRA

MELLORAS NECESARIAS:

Suprimiranse todos os elementos disconformes ou alleos ao ben (cableado aéreo, solucións tipolóxicas extranas, materiais desaxustados, rótulos e/ou toldos inapropiados ...) co obxecto de recuperar as invariantes tradicionais e características do elemento catalogado.

OBRAS PROHIBIDAS:

Construción de novos nichos no adro

OBRAS PERMITIDAS:

As que fixe o nivel de protección, sendo obrigadas as incluídas no apartado de melloras

Máis todas as permitidas na normativa xeral correspondentes ao seu nivel de protección.

| CLASIFICACIÓN (Art. 8 LPCG): | CATEGORÍA (Art. 10 LPCG): | TIPO | | Nº FICHA: |
|---|---|---|---|---|
| CATALOGADO | MONUMENTO | ARQUITECTÓNICO | RELIXIOSO | **A_180** |

**F_01**



**S**




| DENOMINACIÓN: | PARROQUIA: | NÚCLEO: |
|---|---|---|
| **Capela de San Xosé** | **ÁBEDES** | **Ábedes** |

| Localización: | Coordenadas UTM: | Clave Plano: |
|---|---|---|
| **Ábedes** | **631996-4644249** | H-09 |

DESCRICIÓN:

Capela barroca de pequenas dimensións que presenta unha forma canónica. Levantada en cantaría de boa calidade (opus quadratum) a súa fachada é, sen dúbida, o elemento máis salientable desde o punto de vista arquitectónico e artístico. A porta de acceso preséntase acobadada e enmarcada por pilastras embutidas no muro que sustentan un aleiro lixeiramente voado. Sobre el un grande óculo calado en forma de rosácea. Coroando o conxunto dispone un edículo que contén un fornelo que serve de acubillo á imaxe do patrón, que se flanquea cuns estilizados pináculos piramidais calados rematados en bola.
A capela sitúase ao N do templo parroquial, dentro dun espazo pechado por un muro elevado de boa factura.

| INTERESE HISTÓRICO: | INTERESE ARQUITECTÓNICO: | INTERESE URBANÍSTICO: | NIVEL DE PROTECCIÓN: | ESTADO DE CONSERVACIÓN: | PROPIEDADE: |
|---|---|---|---|---|---|
| ALTO | MOI ALTO | ALTO | INTEGRAL | POUCO ALTERADO | PRIVADA |

CLASIFICACIÓN E CUALIFICACIÓN:

NÚCLEO RURAL TRADICIONAL

OBSERVACIÓNS:

ELEMENTOS SINGULARES A PROTEXER

TODO O CONXUNTO
CARPINTERÍAS DE MADEIRA

MELLORAS NECESARIAS:

Limpeza e acondicionamento do contorno da capela a fin de evitar o seu deterioro e favorecer o seu desfrute social. Soterramento do cableado aéreo e instalación dun alumeado público nobre acorde coa entidade do ben.

| OBRAS PROHIBIDAS: | OBRAS PERMITIDAS: |
|---|---|
| As que fixe o nivel de protección | As que fixe o nivel de protección, sendo obrigadas as incluídas no apartado de melloras<br>Máis todas as permitidas na normativa xeral correspondentes ao seu nivel de protección. |

# INSTRUMENTO DE ORDENACIÓN PROVISIONAL DO CONCELLO DE VERÍN

| CLASIFICACIÓN (Art. 8 LPCG): | CATEGORÍA (Art. 10 LPCG): | TIPO | | Nº FICHA: |
|---|---|---|---|---|
| CATALOGADO | MONUMENTO | ARQUITECTÓNICO | MUÍÑOS | **A_181** |

**F_01**



**S**



| DENOMINACIÓN: | PARROQUIA: | NÚCLEO: |
|---|---|---|
| **Muíño dos Bazales** | **VERÍN** | **San Lázaro** |

| Localización: | Coordenadas UTM: | Clave Plano: |
|---|---|---|
| **San Lázaro** | **628912-4644455** | D-09 |

DESCRICIÓN:

Complexo residencial e produtivo de planta rectangular e cuberta a dúas augas que se conforma a través de tres (3) volumes arquitectónicos apegados seguindo un esquema lonxitudinal. As estancias "industriais" que acollen este conxunto -levantado en cantaría (opus quadratum)- de mediados do século pasado son un bloque central (o de menor altura) e outro localizado no sector NE, que foi construído con posterioridade e gana altura respecto daquel. É xustamente este volume o que loce na súa fachada principal unha serie de ocos con trabatel, un elemento singular que se repite en todos os ocos da planta terrea do inmoble.
No lado oposto (SW) sitúase a vivenda, que dispón no andar residencial un par de portasdaire balconadas que serven para ventilar as únicas estancias vivideiras do complexo.

| INTERESE HISTÓRICO: | INTERESE ARQUITECTÓNICO: | INTERESE URBANÍSTICO: | NIVEL DE PROTECCIÓN: | ESTADO DE CONSERVACIÓN: | PROPIEDADE: |
|---|---|---|---|---|---|
| ALTO | ALTO | ALTO | AMBIENTAL | POUCO ALTERADO | PRIVADA |

CLASIFICACIÓN E CUALIFICACIÓN:

URBANO CONSOLIDADO

OBSERVACIÓNS:

O volume situado no NE, o de máis recente construción, conta na súa fachada con tres (3) argolas de fundición, evidencia do papel que tiveron os burros e cabalerías no transporte da fariña e o cereal.

ELEMENTOS SINGULARES A PROTEXER

CARPINTERÍAS DE MADEIRA
ARGOLAS DE FUNDICIÓN
ENREIXADOS

MELLORAS NECESARIAS:

Soterramento do cableado aéreo e instalación dun alumeado público nobre acorde coa entidade do ben.

| OBRAS PROHIBIDAS: | OBRAS PERMITIDAS: |
|---|---|
| As que fixe o nivel de protección | As que fixe o nivel de protección, sendo obrigadas as incluídas no apartado de melloras<br>Máis todas as permitidas na normativa xeral correspondentes ao seu nivel de protección. |

# INSTRUMENTO DE ORDENACIÓN PROVISIONAL DO CONCELLO DE VERÍN

| CLASIFICACIÓN (Art. 8 LPCG): | CATEGORÍA (Art. 10 LPCG): | TIPO | | Nº FICHA: |
|---|---|---|---|---|
| CATALOGADO | MONUMENTO | ARQUITECTÓNICO | CIVIL | A_182 |

F_01



S




| DENOMINACIÓN: | PARROQUIA: | NÚCLEO: |
|---|---|---|
| **Conxunto tradicional** | **ÁBEDES** | **Ábedes** |

| Localización: | Coordenadas UTM: | Clave Plano: |
|---|---|---|
| **Ábedes** | **632005-4644369** | H-09 |

DESCRICIÓN:

Conxunto de tres (3) vivendas tradicionais de dúas alturas (B+I) levantadas entre medianeiras que dan fronte a un dos principais rueiros da aldea. Levantadas en cantaría de mediana calidade (opus vittatum) que non permite abrir ocos de grande tamaño, a planta terrea destínase a adega e a almacenamento de apeiros e excedentes agrarios, mentres que o andar residencial resérvase para usos vivideiros. Precisamente o acceso exterior ao piso elevado dunha das vivendas (unhas escaleiras que rematan nunha solaina granítica) preséntase como un dos elementos arquitectónicos máis sobranceiros do complexo.

| INTERESE HISTÓRICO: | INTERESE ARQUITECTÓNICO: | INTERESE URBANÍSTICO: | NIVEL DE PROTECCIÓN: | ESTADO DE CONSERVACIÓN: | PROPIEDADE: |
|---|---|---|---|---|---|
| ALTO | MEDIO | ALTO | AMBIENTAL | POUCO ALTERADO | PRIVADA |

CLASIFICACIÓN E CUALIFICACIÓN:

NÚCLEO RURAL TRADICIONAL

OBSERVACIÓNS:

ELEMENTOS SINGULARES A PROTEXER

CARPINTERÍAS DE MADEIRA

ESCALEIRAS

MELLORAS NECESARIAS:

Soterramento do cableado aéreo e instalación dun alumeado público nobre acorde coa entidade do ben.

| OBRAS PROHIBIDAS: | OBRAS PERMITIDAS: |
|---|---|
| As que fixe o nivel de protección | As que fixe o nivel de protección, sendo obrigadas as incluídas no apartado de melloras<br>Máis todas as permitidas na normativa xeral correspondentes ao seu nivel de protección. |

# INSTRUMENTO DE ORDENACIÓN PROVISIONAL DO CONCELLO DE VERÍN

| CLASIFICACIÓN (Art. 8 LPCG): | CATEGORÍA (Art. 10 LPCG): | TIPO | | Nº FICHA: |
|---|---|---|---|---|
| CATALOGADO | MONUMENTO | ARQUITECTÓNICO | CIVIL | **A_183** |

**F_01** **S**






| DENOMINACIÓN: | PARROQUIA: | NÚCLEO: |
|---|---|---|
| **Casa tradicional** | **ÁBEDES** | **Ábedes** |

| Localización: | Coordenadas UTM: | Clave Plano: |
|---|---|---|
| **Ábedes** | **631971-4644356** | H-09 |

DESCRICIÓN:

Vivenda de tipoloxía tradicional entre medianeiras que presenta planta poligonal, cuberta a tres augas e dúas alturas (B+I) con fronte á rúa principal da aldea. Construída utilizando madeira e pedra de mediana calidade (opus vittatum), a planta terrea destínase a adega e ao almacenamento de apeiros de labranza. O acceso á planta superior -dedicada a residencia- realízase a través dunha escaleira exterior de tiro duplo.
No lado oposto o elemento máis destacado é o feito de sobresair en planta todo o piso (incluíndo o balcón protexido por unha varanda de madeira e ferro conformado por unha plataforma do mesmo material), voando sobre a rúa 1 m. aproximadamente.

| INTERESE HISTÓRICO: | INTERESE ARQUITECTÓNICO: | INTERESE URBANÍSTICO: | NIVEL DE PROTECCIÓN: | ESTADO DE CONSERVACIÓN: | PROPIEDADE: |
|---|---|---|---|---|---|
| ALTO | ALTO | ALTO | AMBIENTAL | BO | PRIVADA |

CLASIFICACIÓN E CUALIFICACIÓN:

NÚCLEO RURAL TRADICIONAL

OBSERVACIÓNS:

ELEMENTOS SINGULARES A PROTEXER

CARPINTERÍAS DE MADEIRA
BALCÓNS E VARANDAS
ENFOSCADOS PINTADOS

MELLORAS NECESARIAS:

Soterramento do cableado aéreo e instalación dun alumeado público nobre acorde coa entidade do ben.

| OBRAS PROHIBIDAS: | OBRAS PERMITIDAS: |
|---|---|
| Supresión do enfoscado pintado | As que fixe o nivel de protección, sendo obrigadas as incluídas no apartado de melloras<br>Máis todas as permitidas na normativa xeral correspondentes ao seu nivel de protección. |

# INSTRUMENTO DE ORDENACIÓN PROVISIONAL DO CONCELLO DE VERÍN

| CLASIFICACIÓN (Art. 8 LPCG): | CATEGORÍA (Art. 10 LPCG): | TIPO | | Nº FICHA: |
|---|---|---|---|---|
| CATALOGADO | MONUMENTO | ARQUITECTÓNICO | CIVIL | **A_184** |

**F_01** **S**






| DENOMINACIÓN: | PARROQUIA: | NÚCLEO: |
|---|---|---|
| **Casa tradicional** | **ÁBEDES** | **Ábedes** |

| Localización: | Coordenadas UTM: | Clave Plano: |
|---|---|---|
| **Ábedes** | **631996-4644393** | H-09 |

DESCRICIÓN:

Vivenda de tipoloxía tradicional entre medianeiras que presenta planta poligonal, cuberta a dúas augas e dúas alturas (B+I) con fronte á rúa principal da aldea. Construída utilizando madeira e pedra de mediana calidade (opus vittatum), a planta terrea destínase a adega e ao almacenamento de apeiros de labranza, de aí que presente un único oco: a porta de ingreso. O acceso á planta superior -dedicada a residencia- realízase a través dunha escaleira exterior dun único tiro que desemboca nun balcón corrido protexido por unha varanda de madeira que voa sobre a rúa 1 m. aproximadamente.

| INTERESE HISTÓRICO: | INTERESE ARQUITECTÓNICO: | INTERESE URBANÍSTICO: | NIVEL DE PROTECCIÓN: | ESTADO DE CONSERVACIÓN: | PROPIEDADE: |
|---|---|---|---|---|---|
| ALTO | ALTO | ALTO | AMBIENTAL | POUCO ALTERADO | PRIVADA |

CLASIFICACIÓN E CUALIFICACIÓN:

NÚCLEO RURAL TRADICIONAL

OBSERVACIÓNS:

ELEMENTOS SINGULARES A PROTEXER

BALCÓNS E VARANDAS
CARPINTERÍAS DE MADEIRA
ESCALEIRAS

MELLORAS NECESARIAS:

Soterramento do cableado aéreo e instalación dun alumeado público nobre acorde coa entidade do ben.

| OBRAS PROHIBIDAS: | OBRAS PERMITIDAS: |
|---|---|
| As que fixe o nivel de protección | As que fixe o nivel de protección, sendo obrigadas as incluídas no apartado de melloras<br>Máis todas as permitidas na normativa xeral correspondentes ao seu nivel de protección. |

# INSTRUMENTO DE ORDENACIÓN PROVISIONAL DO CONCELLO DE VERÍN

| CLASIFICACIÓN (Art. 8 LPCG): | CATEGORÍA (Art. 10 LPCG): | TIPO | | Nº FICHA: |
|---|---|---|---|---|
| CATALOGADO | MONUMENTO | ARQUITECTÓNICO | CIVIL | A_185 |

**F_01** **S**






DENOMINACIÓN: **Casa tradicional**

PARROQUIA: **VERÍN**

NÚCLEO: **Verín**

Localización: **Rúa da Alameda nº 3**

Coordenadas UTM: **629364-4644601**

Clave Plano: D-09

DESCRICIÓN:

Vivenda de planta poligonal construída entre medianeira con fronte balconado ao paseo fluvial da vila. Presenta dúas alturas (B+I) e unha cuberta a tres augas. Esta tipoloxía responde a un patrón de casa vilega tradicional, levantada en cantaría granítica de mediana calidade (opus vittatum) que opta por situar na súa fachada (W) un balcón corrido voado que ten como soporte unha soleira de madeira apoiada en canzorros de granito.

O piso terreo dedícase a adega, de aí que sitúe, ademais da porta de acceso á vivenda, un grande oco alintelado que permite descargas de certo porte.

Os paramentos sitúan unha serie de ocos (portas e portalóns no piso comercial e fiestras e portasdaire no residencial) dispostos de forma equidistante ao longo da súa fachada.

| INTERESE HISTÓRICO: | INTERESE ARQUITECTÓNICO: | INTERESE URBANÍSTICO: | NIVEL DE PROTECCIÓN: | ESTADO DE CONSERVACIÓN: | PROPIEDADE: |
|---|---|---|---|---|---|
| MEDIO | MEDIO | MOI ALTO | AMBIENTAL | POUCO ALTERADO | PRIVADA |

CLASIFICACIÓN E CUALIFICACIÓN:

PEPRI CENTRO HISTÓRICO

OBSERVACIÓNS:

ELEMENTOS SINGULARES A PROTEXER

CARPINTERÍAS DE MADEIRA

MELLORAS NECESARIAS:

Recuperación da morfoloxía orxinal da fachada terrea que mira ao río. Soterramento do cableado aéreo e instalación dun alumeado público nobre acorde coa entidade do ben.

OBRAS PROHIBIDAS:

As que fixe o nivel de protección

OBRAS PERMITIDAS:

As que fixe o nivel de protección, sendo obrigadas as incluídas no apartado de melloras

Máis todas as permitidas na normativa xeral correspondentes ao seu nivel de protección.

# INSTRUMENTO DE ORDENACIÓN PROVISIONAL DO CONCELLO DE VERÍN

| CLASIFICACIÓN (Art. 8 LPCG): | CATEGORÍA (Art. 10 LPCG): | TIPO | | Nº FICHA: |
|---|---|---|---|---|
| CATALOGADO | MONUMENTO | ARQUITECTÓNICO | RELIXIOSO | **A_187** |

**F_01** **S**





DENOMINACIÓN: **Igrexa parroquial de Santiago**

PARROQUIA: **VILAMAIOR DO VAL**

NÚCLEO: **A Igrexa**

Localización: **A Igrexa**

Coordenadas UTM: **631058-4648014**

Clave Plano: G-02

DESCRICIÓN:

Templo de posible orixe románica reconstruído na Idade Moderna reutilizando unha parte dos materiais e estruturas do edificio primitivo, como parece evidenciar a curiosa porta de acceso situada na súa fachada. O altar maior, situado á mesma altura que a nave, presenta apegado un volume lateral destinado a sancristía que fai medianeira cunha capela que tamén sobresae en planta. Os seus paramentos aparecen levantados en cantaría de boa calidade (opus quadratum).
A fachada principal asume unha composición neobarroca moi severa que só se fai evidente á altura da súa espadana de dobre oco, coroada por pináculos bulbosos que flanquean unha cruz latina sobre peana sen figuración.

| INTERESE HISTÓRICO: | INTERESE ARQUITECTÓNICO: | INTERESE URBANÍSTICO: | NIVEL DE PROTECCIÓN: | ESTADO DE CONSERVACIÓN: | PROPIEDADE: |
|---|---|---|---|---|---|
| ALTO | ALTO | MOI ALTO | INTEGRAL | POUCO ALTERADO | PARROQUIAL |

CLASIFICACIÓN E CUALIFICACIÓN:
NÚCLEO RURAL TRADICIONAL

OBSERVACIÓNS:
O adro parroquial aparece delimitado por un muro perimetral tamén de cantaría.

ELEMENTOS SINGULARES A PROTEXER
TODO O CONXUNTO

MELLORAS NECESARIAS:
Suprimiranse todos os elementos disconformes ou alleos ao ben ( cableado aéreo, solucións tipolóxicas extranas, materiais desaxustados, rótulos e/ou toldos inapropiados ...) co obxecto de recuperar as invariantes tradicionais e características do elemento catalogado.

OBRAS PROHIBIDAS:
Construción de novos nichos no adro

OBRAS PERMITIDAS:
As que fixe o nivel de protección, sendo obrigadas as incluídas no apartado de melloras
Máis todas as permitidas na normativa xeral correspondentes ao seu nivel de protección.

| CLASIFICACIÓN (Art. 8 LPCG): | CATEGORÍA (Art. 10 LPCG): | TIPO | | Nº FICHA: |
|---|---|---|---|---|
| CATALOGADO | MONUMENTO | ARQUITECTÓNICO | CIVIL | **A_188** |

**F_01** **S**






| DENOMINACIÓN: | PARROQUIA: | NÚCLEO: |
|---|---|---|
| **Casa Reitoral e pombal** | **VILAMAIOR DO VAL** | **A Igrexa** |

| Localización: | Coordenadas UTM: | Clave Plano: |
|---|---|---|
| **A Igrexa** | **630948-4647983** | G-02 |

DESCRICIÓN:

Edificio exento situado á beira do templo parroquial que presenta dúas alturas (B+I) e unha cuberta a catro augas. De planta poligonal, aparece conformado por unha vivenda, un patio interior ao que se accede a través dun portalón monumental e unha serie de arquitecturas adxectivas (cortes para o gando e pombal).
Á vista dos seus paramentos o inmoble principal é froito de dous momentos diferentes: un primixenio (levantado en opus vittatum e visible no volume con orientación E-W que loce unha escaleira exterior) e outro posterior de cantaría (opus quadratum) que se levanta ao W do edificio orixinal. Este volume sitúa un balcón sobre canzorros na súa fachada W.
A 120 m ao W da casa levántase un pombal de planta circular levantado en cachotaría recebada e pintada en branco.

| INTERESE HISTÓRICO: | INTERESE ARQUITECTÓNICO: | INTERESE URBANÍSTICO: | NIVEL DE PROTECCIÓN: | ESTADO DE CONSERVACIÓN: | PROPIEDADE: |
|---|---|---|---|---|---|
| ALTO | ALTO | MOI ALTO | ESTRUTURAL | MALO | PARROQUIAL |

CLASIFICACIÓN E CUALIFICACIÓN:

NÚCLEO RURAL TRADICIONAL

OBSERVACIÓNS:

A Finca Singular sobre a que se ergue o ben que é obxecto desta ficha -incluídos os seus muros de peche- gozará de idéntica protección que aquel.

ELEMENTOS SINGULARES A PROTEXER

BALCÓNS E VARANDAS
CARPINTERÍAS DE MADEIRA
DISTRIBUCIÓN DE OCOS E PORTALÓN MONUMENTAL
ESCALEIRAS
FINCA SINGULAR

MELLORAS NECESARIAS:

Suprimiranse todos os elementos disconformes ou alleos ao ben ( cableado aéreo, solucións tipolóxicas extranas, materiais desaxustados, rótulos e/ou toldos inapropiados ...) co obxecto de recuperar as invariantes tradicionais e características do elemento catalogado.

| OBRAS PROHIBIDAS: | OBRAS PERMITIDAS: |
|---|---|
| As que fixe o nivel de protección | As que fixe o nivel de protección, sendo obrigadas as incluídas no apartado de melloras<br>Máis todas as permitidas na normativa xeral correspondentes ao seu nivel de protección. |

# INSTRUMENTO DE ORDENACIÓN PROVISIONAL DO CONCELLO DE VERÍN

| CLASIFICACIÓN (Art. 8 LPCG): | CATEGORÍA (Art. 10 LPCG): | TIPO | | Nº FICHA: |
|---|---|---|---|---|
| CATALOGADO | MONUMENTO | ARQUITECTÓNICO | CIVIL | **A_189** |

**F_01**



**S**




DENOMINACIÓN: **Casa da Inquisición**

PARROQUIA: **VILAMAIOR DO VAL**

NÚCLEO: **A Igrexa**

Localización: **A Igrexa**

Coordenadas UTM: **631062-4648046**

Clave Plano: G-02

DESCRICIÓN:

Vivenda de tipoloxía tradicional e desenvolvemento lonxitudinal entre medianeiras que presenta planta poligonal, cuberta a tres augas e dúas alturas (B+I) con fronte á rúa principal da aldea. Construída utilizando madeira e pedra de baixa (opus incertum) e alta calidade (opus quadratum), segundo o lenzo mural que se trate, a planta terrea destínase a adega e ao almacenamento de apeiros de labranza, de aí que presente un único oco: o portón de ingreso. O acceso á planta superior -dedicada a residencia- realízase a través dunha escaleira exterior dun único tiro que desemboca nun balcón corrido antano protexido por unha varanda de madeira.

No balcón da imaxe localízase un brasón embutido no muro.

| INTERESE HISTÓRICO: | INTERESE ARQUITECTÓNICO: | INTERESE URBANÍSTICO: | NIVEL DE PROTECCIÓN: | ESTADO DE CONSERVACIÓN: | PROPIEDADE: |
|---|---|---|---|---|---|
| ALTO | ALTO | ALTO | ESTRUTURAL | MALO | PRIVADA |

CLASIFICACIÓN E CUALIFICACIÓN: NÚCLEO RURAL TRADICIONAL

OBSERVACIÓNS:

O Decreto 571/1963 protexe os escudos, emblemas, pedras heráldicas, rolos de xustiza, cruces de termo e pezas similares de interese histórico artístico; BOE núm. 77, do 30 de marzo. O escudo ou brasón que loce a fachada desta vivenda ten a consideración de Ben de Interese Cultural (BIC), o máximo grao de protección legal co que pode contar un ben cultural, por aplicación da disposición adicional segunda da Lei 16/1985, do 25 de xuño, do Patrimonio Histórico Español.

Un dos volumes deste conxunto histórico -antano dun único propietario- o situado ao N do templo parroquial, foi brutalmente intervido malia figurar no Catálogo do PXOM en vigor (elemento nº 26), o que provocou a súa deturpación tipolóxica e alleamento morfolóxico, o que supuxo unha grave perda para o patrimonio cultural do concello e da comarca.

ELEMENTOS SINGULARES A PROTEXER

BALCÓNS E VARANDAS

CARPINTERÍAS DE MADEIRA

MELLORAS NECESARIAS:

Soterramento do cableado aéreo e instalación dun alumeado público nobre acorde coa entidade do ben.

Substitución da cuberta de lousa por outra de tella curva do país, que é a tradicional da zona.

OBRAS PROHIBIDAS:

As que fixe o nivel de protección

OBRAS PERMITIDAS:

As que fixe o nivel de protección, sendo obrigadas as incluídas no apartado de melloras

Máis todas as permitidas na normativa xeral correspondentes ao seu nivel de protección.

# INSTRUMENTO DE ORDENACIÓN PROVISIONAL DO CONCELLO DE VERÍN

| CLASIFICACIÓN (Art. 8 LPCG): | CATEGORÍA (Art. 10 LPCG): | TIPO | | Nº FICHA: |
|---|---|---|---|---|
| CATALOGADO | MONUMENTO | ARQUITECTÓNICO | CIVIL | **A_190** |

**F_01** **S**






| DENOMINACIÓN: | PARROQUIA: | NÚCLEO: |
|---|---|---|
| **Casa tradicional** | **VILAMAIOR DO VAL** | **A Cruz** |

| Localización: | Coordenadas UTM: | Clave Plano: |
|---|---|---|
| **A Cruz** | **631243-4648057** | G-02 |

DESCRICIÓN:

Vivenda de tipoloxía tradicional e desenvolvemento lonxitudinal entre medianeiras que presenta planta rectangular, cuberta a dúas augas e un par de alturas (B+I) con fronte á rúa principal da aldea. Foi construída utilizando madeira e pedra de baixa calidade (opus incertum), visible en todos os seus paramentos agás nos ocos e eixes estruturais, onde se bota man de pezas mellor dimensionadas.

Como é norma, a planta terrea destínase a adega e ao almacenamento de apeiros de labranza, de aí que careza de xanelas, mais non de portón de ingreso. O acceso á planta superior -dedicada a residencia- realízase a través dunha escaleira interior dun único tiro.

O elemento máis sobranceiro da casa é o amplo balcón corrido protexido por unha varanda de madeira que loce a súa fachada.

| INTERESE HISTÓRICO: | INTERESE ARQUITECTÓNICO: | INTERESE URBANÍSTICO: | NIVEL DE PROTECCIÓN: | ESTADO DE CONSERVACIÓN: | PROPIEDADE: |
|---|---|---|---|---|---|
| ALTO | MEDIO | ALTO | AMBIENTAL | POUCO ALTERADO | PRIVADA |

CLASIFICACIÓN E CUALIFICACIÓN:

NÚCLEO RURAL TRADICIONAL

OBSERVACIÓNS:

ELEMENTOS SINGULARES A PROTEXER

BALCÓNS E VARANDAS

CARPINTERÍAS DE MADEIRA

MELLORAS NECESARIAS:

Soterramento do cableado aéreo e instalación dun alumeado público nobre acorde coa entidade do ben.

| OBRAS PROHIBIDAS: | OBRAS PERMITIDAS: |
|---|---|
| As que fixe o nivel de protección | As que fixe o nivel de protección, sendo obrigadas as incluídas no apartado de melloras<br>Máis todas as permitidas na normativa xeral correspondentes ao seu nivel de protección. |

# INSTRUMENTO DE ORDENACIÓN PROVISIONAL DO CONCELLO DE VERÍN

| CLASIFICACIÓN (Art. 8 LPCG): | CATEGORÍA (Art. 10 LPCG): | TIPO | | Nº FICHA: |
|---|---|---|---|---|
| CATALOGADO | MONUMENTO | ARQUITECTÓNICO | CIVIL | **A_191** |

**F_01**



**S**




| DENOMINACIÓN: | PARROQUIA: | NÚCLEO: |
|---|---|---|
| **Casa tradicional** | **VILAMAIOR DO VAL** | **A Soutilla** |

| Localización: | Coordenadas UTM: | Clave Plano: |
|---|---|---|
| **A Soutilla** | **631141-4648164** | G-01 |

DESCRICIÓN:

Vivenda de tipoloxía tradicional con patio interior que presenta planta poligonal, cuberta a dúas augas e dúas alturas (B+I) con fronte a unha rúa excéntrica da aldea. Construída utilizando madeira e pedra de baixa calidade (opus incertum, coa excepción do contorno dos ocos e eixes estruturais), a planta terrea destínase a adega e ao almacenamento de apeiros de labranza, de aí que presente un único oco: o portón de ingreso. O acceso á planta superior -dedicada a residencia- realízase a través dunha modesta escaleira exterior dun único tiro que desemboca nunha solaina cuberta construída en madeira e protexida por unha varanda do mesmo material que voa sobre o rueiro 1 m. aproximadamente.
Á beira da fachada principal sitúase un portalón monumental (construído en opus vittatum) que dá acceso a un patio interior.

| INTERESE HISTÓRICO: | INTERESE ARQUITECTÓNICO: | INTERESE URBANÍSTICO: | NIVEL DE PROTECCIÓN: | ESTADO DE CONSERVACIÓN: | PROPIEDADE: |
|---|---|---|---|---|---|
| ALTO | ALTO | ALTO | AMBIENTAL | MALO | PRIVADA |

CLASIFICACIÓN E CUALIFICACIÓN:

NÚCLEO RURAL COMÚN

OBSERVACIÓNS:

ELEMENTOS SINGULARES A PROTEXER

BALCÓNS E VARANDAS
ESCALEIRAS
CARPINTERÍAS DE MADEIRA
DISTRIBUCIÓN DE OCOS E PORTALÓN MONUMENTAL

MELLORAS NECESARIAS:

Soterramento do cableado aéreo e instalación dun alumeado público nobre acorde coa entidade do ben.

| OBRAS PROHIBIDAS: | OBRAS PERMITIDAS: |
|---|---|
| As que fixe o nivel de protección | As que fixe o nivel de protección, sendo obrigadas as incluídas no apartado de melloras<br>Máis todas as permitidas na normativa xeral correspondentes ao seu nivel de protección. |

# INSTRUMENTO DE ORDENACIÓN PROVISIONAL DO CONCELLO DE VERÍN

| CLASIFICACIÓN (Art. 8 LPCG): | CATEGORÍA (Art. 10 LPCG): | TIPO | | Nº FICHA: |
|---|---|---|---|---|
| CATALOGADO | MONUMENTO | ARQUITECTÓNICO | CIVIL | **A_192** |

**F_01** **S**






DENOMINACIÓN: **Conxunto tradicional**

PARROQUIA: **VILAMAIOR DO VAL**

NÚCLEO: **O Regueiro**

Localización: **O Regueiro**

Coordenadas UTM: **631296-4648348**

Clave Plano: G-01

DESCRICIÓN:

Conxunto de vivendas tradicionais que conforma un tramo rural de alta calidade arquitectónica. As vivendas que o conforman presentan dúas alturas (B+I) e aparecen levantadas entre medianeiras, dando fronte ao principal rueiro da aldea. Levantadas en cantaría de mediana calidade (opus vittatum) que non permite abrir ocos de grande tamaño, a planta terrea destínase a adega e a almacenamento de apeiros e excedentes agrarios, mentres que o andar residencial resérvase para usos vivideiros. O acceso ao piso elevado lévase a cabo por medio de escaleiras exteriores ás que se accede directamente desde o rueiro, agás nalgún caso concreto que conta con patio interior pechado, caso da situada no primeiro plano da fotografía.

| INTERESE HISTÓRICO: | INTERESE ARQUITECTÓNICO: | INTERESE URBANÍSTICO: | NIVEL DE PROTECCIÓN: | ESTADO DE CONSERVACIÓN: | PROPIEDADE: |
|---|---|---|---|---|---|
| ALTO | ALTO | ALTO | AMBIENTAL | POUCO ALTERADO | MIXTA |

CLASIFICACIÓN E CUALIFICACIÓN: NÚCLEO RURAL TRADICIONAL

OBSERVACIÓNS:

ELEMENTOS SINGULARES A PROTEXER

BALCÓNS E VARANDAS
CARPINTERÍAS DE MADEIRA
DISTRIBUCIÓN DE OCOS E PORTALÓN MONUMENTAL

MELLORAS NECESARIAS:

Soterramento do cableado aéreo e instalación dun alumeado público nobre acorde coa entidade do ben.

OBRAS PROHIBIDAS:

As que fixe o nivel de protección

OBRAS PERMITIDAS:

As que fixe o nivel de protección, sendo obrigadas as incluídas no apartado de melloras
Máis todas as permitidas na normativa xeral correspondentes ao seu nivel de protección.

# INSTRUMENTO DE ORDENACIÓN PROVISIONAL DO CONCELLO DE VERÍN

| CLASIFICACIÓN (Art. 8 LPCG): | CATEGORÍA (Art. 10 LPCG): | TIPO | | Nº FICHA: |
|---|---|---|---|---|
| CATALOGADO | MONUMENTO | ARQUITECTÓNICO | CIVIL | **A_193** |

**F_01**



**S**




| DENOMINACIÓN: | PARROQUIA: | NÚCLEO: |
|---|---|---|
| **Conxunto tradicional e paso alparrado** | **VILAMAIOR DO VAL** | **O Vao** |

| Localización: | Coordenadas UTM: | Clave Plano: |
|---|---|---|
| **O Vao** | **631581-4648381** | H-01 |

DESCRICIÓN:

Conxunto de vivendas tradicionais levantadas entre medianeiras que presentan planta poligonal, cuberta a dúas augas e dúas alturas (B+I) con fronte á principal rúa da aldea. Construídas en cantaría de baixa calidade (opus incertum) a planta terrea destínase a adega ou espazo no que resgardar o gando e os apeiros de labranza. O acceso á planta superior, dedicada a residencia, realízase a través de escaleiras interiores dun único tiro con acceso ás estancias vivideiras, que dan paso a un balcón de madeira voado. Precisamente o elemento máis destacado das vivendas é este balcón corrido (protexido por unha varanda de madeira) que se fixa ás fachadas principais e que se apoian en piares graníticos e muros portantes transversais aos lenzos murarios.

Dúas das edificacións, situadas a ambos lados do rueiro, aparecen unidas mediante un orixinal corredor elevado ou alparrado -frecuente en terras ourensás- ao que se accede directamente desde a rúa.

| INTERESE HISTÓRICO: | INTERESE ARQUITECTÓNICO: | INTERESE URBANÍSTICO: | NIVEL DE PROTECCIÓN: | ESTADO DE CONSERVACIÓN: | PROPIEDADE: |
|---|---|---|---|---|---|
| ALTO | MOI ALTO | MOI ALTO | AMBIENTAL | POUCO ALTERADO | PRIVADA |

CLASIFICACIÓN E CUALIFICACIÓN:

NÚCLEO RURAL TRADICIONAL

OBSERVACIÓNS:

ELEMENTOS SINGULARES A PROTEXER

BALCÓNS E VARANDAS

CARPINTERÍAS DE MADEIRA

MELLORAS NECESARIAS:

Soterramento do cableado aéreo e instalación dun alumeado público nobre acorde coa entidade do ben.

| OBRAS PROHIBIDAS: | OBRAS PERMITIDAS: |
|---|---|
| As que fixe o nivel de protección | As que fixe o nivel de protección, sendo obrigadas as incluídas no apartado de melloras<br>Máis todas as permitidas na normativa xeral correspondentes ao seu nivel de protección. |

# INSTRUMENTO DE ORDENACIÓN PROVISIONAL DO CONCELLO DE VERÍN

| CLASIFICACIÓN (Art. 8 LPCG): | CATEGORÍA (Art. 10 LPCG): | TIPO | | Nº FICHA: |
|---|---|---|---|---|
| CATALOGADO | MONUMENTO | ARQUITECTÓNICO | CIVIL | **A_194** |

**F_01**



**S**




DENOMINACIÓN: **Casa Grande**

PARROQUIA: **VILAMAIOR DO VAL**

NÚCLEO: **O Vao**

Localización: **O Vao**

Coordenadas UTM: **631560-4648367**

Clave Plano: H-01

DESCRICIÓN:

Vivenda de tipoloxía tradicional e desenvolvemento lonxitudinal entre medianeiras que presenta planta poligonal, cuberta a tres augas e un par de alturas (B+I) con fronte á rúa principal da aldea. Foi construída utilizando pedra de baixa calidade (opus incertum), visible en todos os seus paramentos agás nos ocos e eixes estruturais, onde se bota man de pezas mellor dimensionadas.

Como é norma, a planta terrea destínase a adega e ao almacenamento de apeiros de labranza, de aí que careza de xanelas e bufardas, mais non de portón de ingreso (este sitúa mochetas sustentando un lintel de madeira). O acceso á planta superior -dedicada a residencia- realízase a través dunha escaleira exterior dun único tiro.

O elemento máis sobranceiro da casa é o amplo balcón corrido protexido por unha varanda de madeira que loce a súa fachada principal.

| INTERESE HISTÓRICO: | INTERESE ARQUITECTÓNICO: | INTERESE URBANÍSTICO: | NIVEL DE PROTECCIÓN: | ESTADO DE CONSERVACIÓN: | PROPIEDADE: |
|---|---|---|---|---|---|
| ALTO | ALTO | ALTO | ESTRUTURAL | POUCO ALTERADO | PRIVADA |

CLASIFICACIÓN E CUALIFICACIÓN:

NÚCLEO RURAL TRADICIONAL

OBSERVACIÓNS:

ELEMENTOS SINGULARES A PROTEXER

BALCÓNS E VARANDAS
CARPINTERÍAS DE MADEIRA
ESCALEIRAS

MELLORAS NECESARIAS:

Soterramento do cableado aéreo e instalación dun alumeado público nobre acorde coa entidade do ben.

OBRAS PROHIBIDAS:

As que fixe o nivel de protección

OBRAS PERMITIDAS:

As que fixe o nivel de protección, sendo obrigadas as incluídas no apartado de melloras

Máis todas as permitidas na normativa xeral correspondentes ao seu nivel de protección.

# INSTRUMENTO DE ORDENACIÓN PROVISIONAL DO CONCELLO DE VERÍN

| CLASIFICACIÓN (Art. 8 LPCG): | CATEGORÍA (Art. 10 LPCG): | TIPO | | Nº FICHA: |
|---|---|---|---|---|
| CATALOGADO | MONUMENTO | ARQUITECTÓNICO | RELIXIOSO | **A_195** |

**F_01**



**S**




| DENOMINACIÓN: | PARROQUIA: | NÚCLEO: |
|---|---|---|
| **Igrexa de Vilela** | **TINTORES** | **Vilela** |

| Localización: | Coordenadas UTM: | Clave Plano: |
|---|---|---|
| **Vilela** | **629079-4646617** | D-05 |

DESCRICIÓN:

Templo de posible orixe románica reconstruído na Idade Moderna reutilizando unha parte dos materiais e estruturas do edificio primitivo, como parece evidenciar a porta lateral S cuberta por un arco de medio punto. O altar maior, situado á mesma altura que a nave, presenta apegado un volume lateral destinado a sancristía que sobresae en planta. Os seus paramentos aparecen levantados en cantaría de boa calidade (opus quadratum), coa salvedade dalgún fragmento do frontis realizado en cemento visto, que acentuou a súa forma triangular por medio dunha intervención recente moi pouco afortunada.
A fachada principal asume unha composición neobarroca moi severa que só se fai evidente á altura da súa espadana de dobre oco, coroada por un fornelo baleiro e flanqueado por pináculos piramidais que flanquean unha cruz latina sobre peana sen figuración.

| INTERESE HISTÓRICO: | INTERESE ARQUITECTÓNICO: | INTERESE URBANÍSTICO: | NIVEL DE PROTECCIÓN: | ESTADO DE CONSERVACIÓN: | PROPIEDADE: |
|---|---|---|---|---|---|
| ALTO | ALTO | ALTO | INTEGRAL | POUCO ALTERADO | PARROQUIAL |

CLASIFICACIÓN E CUALIFICACIÓN:

NÚCLEO RURAL TRADICIONAL

OBSERVACIÓNS:

ELEMENTOS SINGULARES A PROTEXER

TODO O CONXUNTO

CARPINTERÍAS DE MADEIRA

MELLORAS NECESARIAS:

Adecuación do muro de peche do adro e supresión dos os elementos disconformes ou alleos ao ben (cableado aéreo, solucións tipolóxicas extranas, materiais desaxustados, rótulos e/ou toldos inapropiados ...) co obxecto de recuperar as invariantes tradicionais e características do elemento catalogado.

| OBRAS PROHIBIDAS: | OBRAS PERMITIDAS: |
|---|---|
| As que fixe o nivel de protección | As que fixe o nivel de protección, sendo obrigadas as incluídas no apartado de melloras<br>Máis todas as permitidas na normativa xeral correspondentes ao seu nivel de protección. |

# INSTRUMENTO DE ORDENACIÓN PROVISIONAL
# DO CONCELLO DE VERÍN

| CLASIFICACIÓN (Art. 8 LPCG): | CATEGORÍA (Art. 10 LPCG): | TIPO | | Nº FICHA: |
|---|---|---|---|---|
| CATALOGADO | MONUMENTO | ARQUITECTÓNICO | CIVIL | **A_196** |

**F_01** **S**






DENOMINACIÓN: **Casa tradicional**

PARROQUIA: **TINTORES**

NÚCLEO: **San Miguel**

Localización: **San Miguel**

Coordenadas UTM: **629122-4646914**

Clave Plano: D-04

DESCRICIÓN:

Vivenda tradicional entre medianeiras que presenta planta poligonal, cuberta a dúas augas e dúas alturas (B+I) con fronte á principal rúa do núcleo. Construída con cantaría de mediana calidade (opus vittatum) a planta terrea destínase a adega ou espazo no que resgardar o gando e os apeiros de labranza. O acceso á planta superior, dedicada a residencia, realízase a través dunha escaleira interior.

O elemento máis destacado da vivenda é fermoso balcón voado (protexido por unha varanda de forxa e conformado por unha plataforma pétrea sustentada por canzorros) que paradoxalmente loce a fachada posterior (N) e non a principal (S). Á beira da portadaire que dá acceso a este espazo saínte sitúase unha orixinal peana semiesférica -integramente labrada en granito- que probablemente serviu de soporte a algunha imaxe.

| INTERESE HISTÓRICO: | INTERESE ARQUITECTÓNICO: | INTERESE URBANÍSTICO: | NIVEL DE PROTECCIÓN: | ESTADO DE CONSERVACIÓN: | PROPIEDADE: |
|---|---|---|---|---|---|
| MEDIO | ALTO | ALTO | ESTRUTURAL | POUCO ALTERADO | PRIVADA |

CLASIFICACIÓN E CUALIFICACIÓN:

NÚCLEO RURAL TRADICIONAL

OBSERVACIÓNS:

ELEMENTOS SINGULARES A PROTEXER

BALCÓNS E VARANDAS

CARPINTERÍAS DE MADEIRA

ENFOSCADOS PINTADOS

MELLORAS NECESARIAS:

Soterramento do cableado aéreo e instalación dun alumeado público nobre acorde coa entidade do ben.

OBRAS PROHIBIDAS:

Supresión do enfoscado pintado

OBRAS PERMITIDAS:

As que fixe o nivel de protección, sendo obrigadas as incluídas no apartado de melloras

Máis todas as permitidas na normativa xeral correspondentes ao seu nivel de protección.

| CLASIFICACIÓN (Art. 8 LPCG): | CATEGORÍA (Art. 10 LPCG): | TIPO | | Nº FICHA: |
|---|---|---|---|---|
| CATALOGADO | MONUMENTO | ARQUITECTÓNICO | CIVIL | **A_197** |

**F_01** **S**





| DENOMINACIÓN: | PARROQUIA: | NÚCLEO: |
|---|---|---|
| **Capela e casa da Sra Julia** | **TINTORES** | **Vilela** |

| Localización: | Coordenadas UTM: | Clave Plano: |
|---|---|---|
| **Vilela** | **629191-4646403** | D-05 |

DESCRICIÓN:

Capela de planta rectangular levantada ao NW do núcleo tradicional de Vilela. Dunha única nave e gorecida por unha cuberta a dúas vertentes (hoxe desmontada), os seus muros levántanse en cantaría de boa calidade (opus quadratum). Na fachada principal dispone a súa única porta de acceso gorecida por un femoso arco de medio punto.
A fachada rematouse en altura por medio dunha espadana hoxe desaparecida. Destaca o par de canzorros embutidos no seu frontis, pezas que serviron de cuberta a un cabido, isto é, o espazo a modo de nártex que se abre diante da porta principal.
Apegado ao seu muro E, isto é, ao altar maior, érguese a Casa da Sra. Julia, unha vivenda de planta poligonal e dúas alturas (B+I) protexida por unha cuberta a catro augas que é contemporánea á capela, ao punto de aparecer levantada co mesmo aparello (opus quadratum).

| INTERESE HISTÓRICO: | INTERESE ARQUITECTÓNICO: | INTERESE URBANÍSTICO: | NIVEL DE PROTECCIÓN: | ESTADO DE CONSERVACIÓN: | PROPIEDADE: |
|---|---|---|---|---|---|
| ALTO | ALTO | ALTO | ESTRUTURAL | POUCO ALTERADO | PRIVADA |

CLASIFICACIÓN E CUALIFICACIÓN:

NÚCLEO RURAL TRADICIONAL

OBSERVACIÓNS:

ELEMENTOS SINGULARES A PROTEXER

FINCA SINGULAR

TODO O CONXUNTO

CARPINTERÍAS DE MADEIRA

MELLORAS NECESARIAS:

Suprimiranse todos os elementos disconformes ou alleos ao ben (cableado aéreo, solucións tipolóxicas extranas, materiais desaxustados, rótulos e/ou toldos inapropiados ...) co obxecto de recuperar as invariantes tradicionais e características do elemento catalogado.

| OBRAS PROHIBIDAS: | OBRAS PERMITIDAS: |
|---|---|
| As que fixe o nivel de protección | As que fixe o nivel de protección, sendo obrigadas as incluídas no apartado de melloras<br>Máis todas as permitidas na normativa xeral correspondentes ao seu nivel de protección. |

# INSTRUMENTO DE ORDENACIÓN PROVISIONAL DO CONCELLO DE VERÍN

| CLASIFICACIÓN (Art. 8 LPCG): | CATEGORÍA (Art. 10 LPCG): | TIPO | | Nº FICHA: |
|---|---|---|---|---|
| CATALOGADO | MONUMENTO | ARQUITECTÓNICO | RELIXIOSO | **A_198** |

**F_01**



**S**




| DENOMINACIÓN: | PARROQUIA: | NÚCLEO: |
|---|---|---|
| **Igrexa parroquial de San Bartolomeu** | **QUEIRUGÁS** | **Queirugás** |

| Localización: | Coordenadas UTM: | Clave Plano: |
|---|---|---|
| **Queirugás** | **633015-4646942** | J-04 |

DESCRICIÓN:

Templo parroquial de planta rectangular e altar máis elevado que a nave que foi levantado en cantaría de moi boa calidade (opus quadratum). O altar maior presenta apegado polo S un volume lateral destinado a sancristía que sobresae en planta. Os seus paramentos aparecen levantados en cantaría de boa calidade (opus quadratum).
A fachada principal asume unha composición neobarroca de estilo canónico que se fai evidente nas pilastras laterais, no enmarque dos ocos, así como á altura da súa espadana de dobre oco, coroada por un fornelo (que contén no seu interior un pequeno sino) e pináculos piramidais que flanquean unha cruz de ferro e unha veleta sobre peana.

| INTERESE HISTÓRICO: | INTERESE ARQUITECTÓNICO: | INTERESE URBANÍSTICO: | NIVEL DE PROTECCIÓN: | ESTADO DE CONSERVACIÓN: | PROPIEDADE: |
|---|---|---|---|---|---|
| MOI ALTO | MOI ALTO | MOI ALTO | INTEGRAL | BO | PARROQUIAL |

CLASIFICACIÓN E CUALIFICACIÓN:

NÚCLEO RURAL TRADICIONAL

OBSERVACIÓNS:

ELEMENTOS SINGULARES A PROTEXER

TODO O CONXUNTO

CARPINTERÍAS DE MADEIRA

MELLORAS NECESARIAS:

Suprimiranse todos os elementos disconformes ou alleos ao ben ( cableado aéreo, solucións tipolóxicas extranas, materiais desaxustados, rótulos e/ou toldos inapropiados ...) co obxecto de recuperar as invariantes tradicionais e características do elemento catalogado.

| OBRAS PROHIBIDAS: | OBRAS PERMITIDAS: |
|---|---|
| Construción de novos nichos no adro | As que fixe o nivel de protección, sendo obrigadas as incluídas no apartado de melloras<br>Máis todas as permitidas na normativa xeral correspondentes ao seu nivel de protección. |

# INSTRUMENTO DE ORDENACIÓN PROVISIONAL DO CONCELLO DE VERÍN

| CLASIFICACIÓN (Art. 8 LPCG): | CATEGORÍA (Art. 10 LPCG): | TIPO | | Nº FICHA: |
|---|---|---|---|---|
| CATALOGADO | MONUMENTO | ARQUITECTÓNICO | CIVIL | **A_199** |

**F_01**



**S**




| DENOMINACIÓN: | PARROQUIA: | NÚCLEO: |
|---|---|---|
| **Casa Reitoral de Queirugás** | **QUEIRUGÁS** | **Queirugás** |

| Localización: | Coordenadas UTM: | Clave Plano: |
|---|---|---|
| **Queirugás** | **632994-4646938** | J-04 |

DESCRICIÓN:

Edificio situado a carón do templo parroquial. De planta poligonal e dúas alturas (B+I), presenta uns muros de paramento moi irregular (opus incertum). A vivenda, que se atopa nun avanzado estado de deterioro que impide levar a cabo unha descrición e valoración exhaustiva, destaca pola disposición de pequenos ocos ou xanelos no andar elevado, en orixe un sobrado con toda seguridade.

Facendo medianeira con el érguese unha construción que dá acceso a un patio interior a través dun portón cuberto cun lintel de madeira. No piso elevado desa construción ábrese unha única fiestra que, ao igual que os eixes estruturais da casa, aparece conformada en cantaría.

| INTERESE HISTÓRICO: | INTERESE ARQUITECTÓNICO: | INTERESE URBANÍSTICO: | NIVEL DE PROTECCIÓN: | ESTADO DE CONSERVACIÓN: | PROPIEDADE: |
|---|---|---|---|---|---|
| ALTO | ALTO | ALTO | AMBIENTAL | MOI MALO | PARROQUIAL |

CLASIFICACIÓN E CUALIFICACIÓN:

NÚCLEO RURAL TRADICIONAL

OBSERVACIÓNS:

A Finca Singular sobre a que se ergue o ben que é obxecto desta ficha -incluídos os seus muros de peche- gozará de idéntica protección que aquel.

ELEMENTOS SINGULARES A PROTEXER

CARPINTERÍAS DE MADEIRA

FINCA SINGULAR

MELLORAS NECESARIAS:

Suprimiranse todos os elementos disconformes ou alleos ao ben ( cableado aéreo, solucións tipolóxicas extranas, materiais desaxustados, rótulos e/ou toldos inapropiados ...) co obxecto de recuperar as invariantes tradicionais e características do elemento catalogado.

| OBRAS PROHIBIDAS: | OBRAS PERMITIDAS: |
|---|---|
| As que fixe o nivel de protección | As que fixe o nivel de protección, sendo obrigadas as incluídas no apartado de melloras<br>Máis todas as permitidas na normativa xeral correspondentes ao seu nivel de protección. |

# INSTRUMENTO DE ORDENACIÓN PROVISIONAL DO CONCELLO DE VERÍN

| CLASIFICACIÓN (Art. 8 LPCG): | CATEGORÍA (Art. 10 LPCG): | TIPO | | Nº FICHA: |
|---|---|---|---|---|
| CATALOGADO | MONUMENTO | ARQUITECTÓNICO | CIVIL | **A_200** |

**F_01**



**S**



| DENOMINACIÓN: | PARROQUIA: | NÚCLEO: |
|---|---|---|
| **Casa tradicional** | **QUEIRUGÁS** | **Queirugás** |

| Localización: | Coordenadas UTM: | Clave Plano: |
|---|---|---|
| **Queirugás** | **632983-4646957** | J-04 |

DESCRICIÓN:

Vivenda de tipoloxía tradicional e desenvolvemento lonxitudinal entre medianeiras que presenta planta poligonal, cuberta a dúas augas e un par de alturas (B+I) con fronte á rúa principal da aldea. Foi construída utilizando pedra de baixa calidade (opus incertum), visible en todos os seus paramentos agás nos ocos e eixes estruturais, onde se bota man de pezas mellor dimensionadas.
Como é norma, a planta terrea destínase a adega e ao almacenamento de apeiros de labranza, de aí que careza de xanelas e bufardas, mais non de portón de ingreso (situado no alzado penal E). O acceso á planta superior -dedicada a residencia- realízase a través dunha escaleira interior dun único tiro.
O elemento máis sobranceiro da casa é o amplo balcón corrido e voado protexido por unha varanda de madeira que loce a súa fachada principal.

| INTERESE HISTÓRICO: | INTERESE ARQUITECTÓNICO: | INTERESE URBANÍSTICO: | NIVEL DE PROTECCIÓN: | ESTADO DE CONSERVACIÓN: | PROPIEDADE: |
|---|---|---|---|---|---|
| ALTO | ALTO | ALTO | AMBIENTAL | POUCO ALTERADO | PRIVADA |

CLASIFICACIÓN E CUALIFICACIÓN:

NÚCLEO RURAL TRADICIONAL

OBSERVACIÓNS:

ELEMENTOS SINGULARES A PROTEXER

BALCÓNS E VARANDAS

CARPINTERÍAS DE MADEIRA

MELLORAS NECESARIAS:

Soterramento do cableado aéreo e instalación dun alumeado público nobre acorde coa entidade do ben.

| OBRAS PROHIBIDAS: | OBRAS PERMITIDAS: |
|---|---|
| As que fixe o nivel de protección | As que fixe o nivel de protección, sendo obrigadas as incluídas no apartado de melloras<br>Máis todas as permitidas na normativa xeral correspondentes ao seu nivel de protección. |

# INSTRUMENTO DE ORDENACIÓN PROVISIONAL DO CONCELLO DE VERÍN

| CLASIFICACIÓN (Art. 8 LPCG): | CATEGORÍA (Art. 10 LPCG): | TIPO | | Nº FICHA: |
|---|---|---|---|---|
| CATALOGADO | MONUMENTO | ARQUITECTÓNICO | CIVIL | **A_201** |

**F_01**



**S**




| DENOMINACIÓN: | PARROQUIA: | NÚCLEO: |
|---|---|---|
| **Casa do Bispo** | **QUEIRUGÁS** | **Queirugás** |

| Localización: | Coordenadas UTM: | Clave Plano: |
|---|---|---|
| **Queirugás** | **632880-4646899** | I-04 |

DESCRICIÓN:

Vivenda de grandes dimensións e moi boa factura que presenta dúas alturas (B+I) e aparece levantada entre medianeiras, dando fronte ao principal rueiro da aldea. Construída en cantaría de boa calidade (opus quadratum) que permite abrir ocos de grande tamaño, a planta terrea destínase a adega e a almacenamento de apeiros e excedentes agrarios, mentres que o andar residencial resérvase para usos vivideiros. O acceso ao piso elevado lévase a cabo por medio dunha escaleira interior situada no patio interior e accesible a través dun portalón que se abre ao rueiro.

Seriamente deteriorada a causa dun incendio que acabou coa súa cuberta, no seu frontis sitúa un grande escudo timbrado de notable factura cortado e semipartido.

| INTERESE HISTÓRICO: | INTERESE ARQUITECTÓNICO: | INTERESE URBANÍSTICO: | NIVEL DE PROTECCIÓN: | ESTADO DE CONSERVACIÓN: | PROPIEDADE: |
|---|---|---|---|---|---|
| ALTO | MOI ALTO | MOI ALTO | ESTRUTURAL | MALO | PRIVADA |

CLASIFICACIÓN E CUALIFICACIÓN:

NÚCLEO RURAL TRADICIONAL

OBSERVACIÓNS:

O Decreto 571/1963 protexe os escudos, emblemas, pedras heráldicas, rolos de xustiza, cruces de termo e pezas similares de interese histórico artístico; BOE núm. 77, do 30 de marzo. O escudo ou brasón que loce a fachada desta vivenda ten a consideración de Ben de Interese Cultural (BIC), o máximo grao de protección legal co que pode contar un ben cultural, por aplicación da disposición adicional segunda da Lei 16/1985, do 25 de xuño, do Patrimonio Histórico Español.

ELEMENTOS SINGULARES A PROTEXER

DISTRIBUCIÓN DE OCOS E PORTALÓN MONUMENTAL

ESCUDOS

ENFOSCADOS PINTADOS

MELLORAS NECESARIAS:

Suprimiranse todos os elementos disconformes ou alleos ao ben protexido (postes de cableado, solucións tipolóxicas extranas, materiais desaxustados, rótulos e/ou toldos inapropiados ...) co obxecto de recuperar as invariantes tradicionais e características do elemento catalogado.

| OBRAS PROHIBIDAS: | OBRAS PERMITIDAS: |
|---|---|
| Supresión do enfoscado pintado | As que fixe o nivel de protección, sendo obrigadas as incluídas no apartado de melloras<br>Máis todas as permitidas na normativa xeral correspondentes ao seu nivel de protección. |

# INSTRUMENTO DE ORDENACIÓN PROVISIONAL DO CONCELLO DE VERÍN

| CLASIFICACIÓN (Art. 8 LPCG): | CATEGORÍA (Art. 10 LPCG): | TIPO | | Nº FICHA: |
|---|---|---|---|---|
| CATALOGADO | MONUMENTO | ARQUITECTÓNICO | CEMITERIOS | **A_202** |

**F_01**




**S**




DENOMINACIÓN: **Camposanto parroquial**

PARROQUIA: **QUEIRUGÁS**

NÚCLEO: **Queirugás**

Localización: **Queirugás**

Coordenadas UTM: **633226-4646894**

Clave Plano: J-04

DESCRICIÓN:

Camposanto parroquial construído no ano 1918 que destaca pola inclusión dunha serie de elementos de valor arquitectónico e cultural relevantes. É o caso da súa portada monumental, proxectada en estilo neobarroco, coroada por unha cruz latina sobre peana sen figuración que aparece flanqueada por pináculos piramidais rematados en bola. A ambos lados da porta principal desenvólvense muros de peche de cantaría de boa factura.
No seu interior érguense unha serie de panteóns e lápidas en terra labrados en pedra que constitúen uns exemplos de arquitectura funeraria dignos de protección e conservación.

| INTERESE HISTÓRICO: | INTERESE ARQUITECTÓNICO: | INTERESE URBANÍSTICO: | NIVEL DE PROTECCIÓN: | ESTADO DE CONSERVACIÓN: | PROPIEDADE: |
|---|---|---|---|---|---|
| ALTO | ALTO | ALTO | AMBIENTAL | BO | PARROQUIAL |

CLASIFICACIÓN E CUALIFICACIÓN:
NUCLEO RURAL (NNSS 1986)

OBSERVACIÓNS:

ELEMENTOS SINGULARES A PROTEXER
ELEMENTOS PETREOS SENLLEIROS
ENFOSCADOS PINTADOS

MELLORAS NECESARIAS:
Soterramento do cableado aéreo e instalación dun alumeado público nobre acorde coa entidade do ben.

OBRAS PROHIBIDAS:
As que fixe o nivel de protección

OBRAS PERMITIDAS:
As que fixe o nivel de protección, sendo obrigadas as incluídas no apartado de melloras
Máis todas as permitidas na normativa xeral correspondentes ao seu nivel de protección.

# INSTRUMENTO DE ORDENACIÓN PROVISIONAL DO CONCELLO DE VERÍN

| CLASIFICACIÓN (Art. 8 LPCG): | CATEGORÍA (Art. 10 LPCG): | TIPO | | Nº FICHA: |
|---|---|---|---|---|
| CATALOGADO | MONUMENTO | ARQUITECTÓNICO | CIVIL | **A_203** |

**F_01** **S**






| DENOMINACIÓN: | PARROQUIA: | NÚCLEO: |
|---|---|---|
| **Casa brasonada** | **VERÍN** | **Verín** |

| Localización: | Coordenadas UTM: | Clave Plano: |
|---|---|---|
| **Rúa Maior nº 47** | **629443-4644586** | D-09 |

DESCRICIÓN:

Vivenda de planta rectangular que, levantada entre medianeiras, ten fronte a unha das principais rúas da vila. Construída na Idade Moderna, presenta dúas alturas (B+I) e unha cuberta a dúas augas. Esta tipoloxía de casa responde ao patrón de casa vilega nobre, levantada en cantaría granítica de boa calidade (opus quadratum) mais, exceptuando a cornixa moldurada, cun tratamento ornamental contido.
A súa fachada abre unha serie de ocos ritmicamente dispostos: portas (dúas delas baixo arcos de medio punto) e balcóns voados protexidos con varandas que, xunto ao brasón, asumen o protagonismo do andar residencial.

| INTERESE HISTÓRICO: | INTERESE ARQUITECTÓNICO: | INTERESE URBANÍSTICO: | NIVEL DE PROTECCIÓN: | ESTADO DE CONSERVACIÓN: | PROPIEDADE: |
|---|---|---|---|---|---|
| MOI ALTO | MOI ALTO | MOI ALTO | ESTRUTURAL | POUCO ALTERADO | PRIVADA |

CLASIFICACIÓN E CUALIFICACIÓN:

PEPRI CENTRO HISTÓRICO

OBSERVACIÓNS:

O Decreto 571/1963 protexe os escudos, emblemas, pedras heráldicas, rolos de xustiza, cruces de termo e pezas similares de interese histórico artístico; BOE núm. 77, do 30 de marzo. O escudo ou brasón que loce a fachada desta vivenda ten a consideración de Ben de Interese Cultural (BIC), o máximo grao de protección legal co que pode contar un ben cultural, por aplicación da disposición adicional segunda da Lei 16/1985, do 25 de xuño, do Patrimonio Histórico Español.

ELEMENTOS SINGULARES A PROTEXER

ESCUDOS
CARPINTERÍAS DE MADEIRA
BALCÓNS E VARANDAS
ENFOSCADOS PINTADOS

MELLORAS NECESARIAS:

Rehabilitación integral do edificio, realizando con urxencia os traballos necesarios para evitar o seu deterioro progresivo.

| OBRAS PROHIBIDAS: | OBRAS PERMITIDAS: |
|---|---|
| As que fixe o nivel de protección | As que fixe o nivel de protección, sendo obrigadas as incluídas no apartado de melloras<br>Máis todas as permitidas na normativa xeral correspondentes ao seu nivel de protección. |

# INSTRUMENTO DE ORDENACIÓN PROVISIONAL DO CONCELLO DE VERÍN

| CLASIFICACIÓN (Art. 8 LPCG): | CATEGORÍA (Art. 10 LPCG): | TIPO | | Nº FICHA: |
|---|---|---|---|---|
| CATALOGADO | MONUMENTO | ARQUITECTÓNICO | CIVIL | **A_204** |

**F_01**



**S**




DENOMINACIÓN: **Casa vilega**

PARROQUIA: **VERÍN**

NÚCLEO: **Verín**

Localización: **Rúa Maior nº 41**

Coordenadas UTM: **629462-4644594**

Clave Plano: E-09

DESCRICIÓN:

Vivenda de planta rectangular que, levantada entre medianeiras, ten fronte a unha das principais rúas da vila. Construída no século XIX, presenta dúas alturas (B+I) e unha cuberta a dúas augas. Esta tipoloxía de casa responde ao patrón de casa vilega burguesa, levantada en cantaría granítica de boa calidade (opus quadratum) mais cun tratamento ornamental medido, se exceptuamos o tratamento dos miradoiros laterais.

A súa fachada abre unha serie de ocos ritmicamente dispostos: portas e portasdaire (as do piso comercial en forma de escaparate). Destaca o balcón individual central flanqueado por vistosos miradoiros de madeira que asumen o protagonismo do andar residencial.

| INTERESE HISTÓRICO: | INTERESE ARQUITECTÓNICO: | INTERESE URBANÍSTICO: | NIVEL DE PROTECCIÓN: | ESTADO DE CONSERVACIÓN: | PROPIEDADE: |
|---|---|---|---|---|---|
| ALTO | ALTO | MOI ALTO | ESTRUTURAL | BO | PRIVADA |

CLASIFICACIÓN E CUALIFICACIÓN: PEPRI CENTRO HISTÓRICO

OBSERVACIÓNS:

Ao parecer esta vivenda conta no seu patio posterior cunha capela ou oratorio privado que gozará da mesma protección que o volume residencial.

ELEMENTOS SINGULARES A PROTEXER

TIPOLOXÍA DO MIRADOIRO

CARPINTERÍAS DE MADEIRA

BALCÓNS E VARANDAS

MELLORAS NECESARIAS:

Deberá instalarse un rótulo publicitario compatible cos valores arquitectónicos que son obxecto de protección.

| OBRAS PROHIBIDAS: | OBRAS PERMITIDAS: |
|---|---|
| Instalación de rótulo incompatible | As que fixe o nivel de protección, sendo obrigadas as incluídas no apartado de melloras<br>Máis todas as permitidas na normativa xeral correspondentes ao seu nivel de protección. |

# INSTRUMENTO DE ORDENACIÓN PROVISIONAL DO CONCELLO DE VERÍN

| CLASIFICACIÓN (Art. 8 LPCG): | CATEGORÍA (Art. 10 LPCG): | TIPO | | Nº FICHA: |
|---|---|---|---|---|
| CATALOGADO | MONUMENTO | ARQUITECTÓNICO | CIVIL | **A_205** |

**F_01** **S**






| DENOMINACIÓN: | PARROQUIA: | NÚCLEO: |
|---|---|---|
| **Casa do Escudo** | **VERÍN** | **San Lázaro** |

| Localización: | Coordenadas UTM: | Clave Plano: |
|---|---|---|
| **San Lázaro s/n** | **629187-4644582** | D-09 |

DESCRICIÓN:

Tamén coñecida como Casa do Asistente, por ter vivido nela o asistente do conde de Monterrei, foi construída no ano 1737.
De planta poligonal e dúas alturas (B+I), presenta cuberta a catro augas. Os seus paramentos foron labrados en cantaría de boa calidade (opus quadratum) abrindo ocos en forma de portas no andar inferior (a principal baixo un arco carpanel) e de portasdaire balconadas no piso superior.
No andar residencial destaca unha peana granítica (situada nun ángulo da edificación), o chafrán do lado oposto e, sobre todo, o espectacular escudo nobiliario que identificaba a linaxe do seu propietario.
No seu interior posúe dúas amplas salas de exposicións, un punto de información turística e un albergue para os peregrinos do Camiño de Santiago.

| INTERESE HISTÓRICO: | INTERESE ARQUITECTÓNICO: | INTERESE URBANÍSTICO: | NIVEL DE PROTECCIÓN: | ESTADO DE CONSERVACIÓN: | PROPIEDADE: |
|---|---|---|---|---|---|
| MOI ALTO | MOI ALTO | MOI ALTO | ESTRUTURAL | BO | MUNICIPAL |

CLASIFICACIÓN E CUALIFICACIÓN:

PEPRI CENTRO HISTÓRICO

OBSERVACIÓNS:

Despois da súa rehabilitación en 1999, funciona como albergue de peregrinos, oficina de turismo e sala de exposicións.
Carece de acceso para minusválidos ás sas de exposicións.
Sería interesante continuar o acondicionamento das áreas próximas para rebaixar o peso do tránsito rodado que o atravesa, e que lle resta valor ambiental cara a incrementar o valor ao conxunto do equipamento, máis o do espazo libre.
O Decreto 571/1963 protexe os escudos, emblemas, pedras heráldicas, rolos de xustiza, cruces de termo e pezas similares de interese histórico artístico; BOE núm. 77, do 30 de marzo. O escudo ou brasón que loce a fachada desta vivenda ten a consideración de Ben de Interese Cultural (BIC), o máximo grao de protección legal co que pode contar un ben cultural, por aplicación da disposición adicional segunda da Lei 16/1985, do 25 de xuño, do Patrimonio Histórico Español.

ELEMENTOS SINGULARES A PROTEXER

ESCUDOS

MELLORAS NECESARIAS:

| OBRAS PROHIBIDAS: | OBRAS PERMITIDAS: |
|---|---|
| As que fixe o nivel de protección | As que fixe o nivel de protección, sendo obrigadas as incluídas no apartado de melloras<br>Máis todas as permitidas na normativa xeral correspondentes ao seu nivel de protección. |

# INSTRUMENTO DE ORDENACIÓN PROVISIONAL DO CONCELLO DE VERÍN

| CLASIFICACIÓN (Art. 8 LPCG): | CATEGORÍA (Art. 10 LPCG): | TIPO | | Nº FICHA: |
|---|---|---|---|---|
| CATALOGADO | MONUMENTO | ARQUITECTÓNICO | RELIXIOSO | **A_206** |

**F_01**



**S**




DENOMINACIÓN: **Capela de San Lázaro**

PARROQUIA: **VERÍN**

NÚCLEO: **San Lázaro**

Localización: **San Lázaro nº 30**

Coordenadas UTM: **629159-4644565**

Clave Plano: D-09

DESCRICIÓN:

Pequena capela de planta rectangular levantada no centro do núcleo de San Lázaro. Dunha única nave e gorecida por unha cuberta a dúas vertentes, os seus muros son de cantaría concertada (opus vittatum). Na fachada principal dispone a súa única porta de acceso gorecida por un arco de descarga con tímpano de madeira e tipoloxía de medio punto. O arco descansa sobre impostas que preceden en altura a pilastras molduradas.
A fachada coróase en altura por medio dunha espadana dun único oco rematada nunha cruz de ferro de Santiago, e nos ángulos por medio de canzorros en forma de rolo con zócolo no rodapé.

| INTERESE HISTÓRICO: | INTERESE ARQUITECTÓNICO: | INTERESE URBANÍSTICO: | NIVEL DE PROTECCIÓN: | ESTADO DE CONSERVACIÓN: | PROPIEDADE: |
|---|---|---|---|---|---|
| MOI ALTO | ALTO | MOI ALTO | INTEGRAL | BO | PARROQUIAL |

CLASIFICACIÓN E CUALIFICACIÓN: PEPRI CENTRO HISTÓRICO

OBSERVACIÓNS:

ELEMENTOS SINGULARES A PROTEXER

CARPINTERÍAS DE MADEIRA

MELLORAS NECESARIAS:

OBRAS PROHIBIDAS:

As que fixe o nivel de protección

OBRAS PERMITIDAS:

As que fixe o nivel de protección, sendo obrigadas as incluídas no apartado de melloras

Máis todas as permitidas na normativa xeral correspondentes ao seu nivel de protección.

# INSTRUMENTO DE ORDENACIÓN PROVISIONAL
# DO CONCELLO DE VERÍN

| CLASIFICACIÓN (Art. 8 LPCG): | CATEGORÍA (Art. 10 LPCG): | TIPO | | Nº FICHA: |
|---|---|---|---|---|
| CATALOGADO | MONUMENTO | ARQUITECTÓNICO | CIVIL | **A_207** |

**F_01**



**S**




DENOMINACIÓN: **Casa balconada**

PARROQUIA: **VERÍN**

NÚCLEO: **San Lázaro**

Localización: **San Lázaro nº 32**

Coordenadas UTM: **629162-4644556**

Clave Plano: D-09

DESCRICIÓN:

Vivenda de planta rectangular que, levantada entre medianeiras, ten fronte ao Camiño Real. Construída na Idade Moderna, presenta tres alturas (B+II) e unha cuberta a tres augas. Esta tipoloxía de casa responde ao patrón de casa vilega burguesa, levantada en cantaría granítica mais cos paramento enfoscados e pintados dunha rechamante cor verde, complementada con detalles en branco.
A súa fachada abre unha serie de ocos ritmicamente dispostos: portas e portasdaire (no piso comercial sitúase unha xanela). Destaca o balcón corrido voado labrado en madeira que asumen o protagonismo do andar residencial e o soportal de columnas graníticas que o sostén. Conclúe a lectura vertical do inmoble un volume recuado lateralmente a modo de faiado. Destaca o beirado voado sobre a rúa estruturado con pontóns de madeira.

| INTERESE HISTÓRICO: | INTERESE ARQUITECTÓNICO: | INTERESE URBANÍSTICO: | NIVEL DE PROTECCIÓN: | ESTADO DE CONSERVACIÓN: | PROPIEDADE: |
|---|---|---|---|---|---|
| ALTO | ALTO | MOI ALTO | ESTRUTURAL | BO | PRIVADA |

CLASIFICACIÓN E CUALIFICACIÓN: PEPRI CENTRO HISTÓRICO

OBSERVACIÓNS:

ELEMENTOS SINGULARES A PROTEXER

CARPINTERÍAS DE MADEIRA
TIPOLOXÍA DO CORREDOR
TIPOLOXÍA DO SOPORTAL

MELLORAS NECESARIAS:

OBRAS PROHIBIDAS:

Alteración dos elementos protexidos

